

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 25 DE

MARZO DE 2010

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e cinco de marzo de dous mil dez, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Parcero Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica María Otero López, como secretaria accidental da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, e antes de tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, o Sr. presidente desculpa a asistencia do Sr. alcalde. Explica que onte faleceu o pai do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior e o Sr. alcalde desprazouse a Madrid ás exequias fúnebres que tiveron lugar esta mesma tarde. Considera que isto é motivo tamén para que en nome de toda a corporación, xa que supón que será unánime, transmitir as súas condolencias a ese compañeiro polo facelemento do seu pai.

Continúa dicindo que esta circunstancia é o motivo de que a el lle corresponda, como primeiro tenente de alcalde, presidir o pleno da corporación. Di que para el, como para calquera dos concelleiros presentes, é unha honra facelo, pero ao mesmo tempo tamén é unha preocupación pola nula experiencia que ten nisto. Por iso lles quere pedir aos voceiros, e ao resto de compañeiros e compañeiras da corporación que teñan deferencia cos erros que poida ter e, ao mesmo tempo pedirllas colaboración para que a sesión plenaria sexa o máis frutífera e positiva para os veciños e veciñas de Cambre, que é a quen representan.

Tamén lles comunica aos voceiros dos grupos que se lles entregou un sobre cunha documentación que o Sr. alcalde se comprometera a entregar. Trátase da documentación

sobre o contrato da recollida do lixo do Consorcio das Mariñas, un tema que está agora mesmo no candeeiro polo problema dos prezos, e tamén a proposta de estatutos do Consorcio que lle mandou o Concello da Coruña ao Consorcio, como parte dese proceso negociador que se está tramitando.

Finalmente quere comentar que o luns día 29, ás 12:00 da mañá, vai ter lugar a inauguración oficial das novas bancadas do campo de fútbol Dani Mallo, de Cambre, unha inauguración que será a un tempo entre a Deputación e o Concello de Cambre. Quere transmitirlle aos voceiros e a todos os compañeiros e compañeiras da corporación, o convite para asistir. Vai ser un acto sinxelo, no que se vai descubrir unha pequena placa, e no que os clubs de fútbol de Cambre que teñen categorías inferiores van estar presentes cos rapaces, cos alevíns e benxamíns, para facer un pequeno partido conmemorativo desta festa de inauguración.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de febreiro de 2010

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de febreiro de 2010.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

2º Aprobación, se procede, da Ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento

Vista a proposta conxunta dos departamentos de Deportes, Xuventude, Cultura, Educación e Servizos Sociais de data 17 de marzo de 2010.

Visto o ditame favorable emitido en sesión conxunta pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego, Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior, Comisión Informativa de Transportes, Mobilidade, Patrimonio, Cultura e Contratación, e Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo, de data 23 de marzo de 2010.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que están de acordo en que se regulen este tipo de cuestións, o tema de participación, pero que lle gustaría facer unha pequena aclaración. Di que no artigo 13, relativo ás causas

de baixa dos participantes nas actividades, fálase de “*se o alumno, usuario ou participante mostra un comportamento incorrecto durante a actividade, logo da correspondente reunión que se realice para o efecto entre o participante, o monitor, unha testemuña, un técnico do departamento do Concello de Cambre, e o concelleiro delegado do Departamento*”. Di que respecto disto o seu grupo ten algunha dúbida, xa que hai varias actividades que se celebran fóra do termo municipal, incluso fóra da provincia, e pregúntanse se o concelleiro vai ter que desprazarse tan lonxe para determinar se existe unha falta. Pensa que nestes casos habería que facer unha salvidade para cando sexa fóra da provincia ou fóra do termo municipal, que esa decisión sexa tomada polo monitor ou polo responsable que corresponda nese momento.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el entende que aí estanse referindo ás actividades que discorren ao longo de máis dunha sesión, que teñen unha periodicidade no tempo longa, con varias sesións. Di que efectivamente pode ocorrer iso nunha das excursións dos programas xuvenís “*Vente de marcha*” ou noutro como o que se fixo á neve. Aí, en todo caso será o técnico responsable que estea ao fronte dela quen teña que tomar as decisións. Entende que ao que se está referindo é a apartar a unha persoa da actividade na que está inscrita, unha actividade que ten unha duración dun mes, de dous meses, de tres, actividades que teñen unha permanencia máis longa no tempo, aínda que, efectivamente, a circunstancia pode darse, e supón que terá que responder o técnico que sempre está ao fronte dunha desas actividades.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, unha vez feita esta aclaración, o seu grupo vai manter o voto que emitiron na comisión, e vaise abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e a concelleira non adscrita, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento.

Segundo: Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da provincia e taboleiro de anuncios do concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a ordenanza de referencia.

3º Aprobación definitiva, se procede, do Plan de sectorización do solo apto para urbanizar residencial denso-2, sito en Castrobó

Visto o expediente tramitado para o efecto.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Seguridade Cidadá de data 23 de marzo de 2010.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que neste caso están falando da aprobación dunha urbanización en Sigrás, que vai ter máis de 100 vivendas. Di que están no de sempre, en Cambre vese como os veciños non poden construír nos seus terreos, os que os teñen, que son multitude; vese como a xente de Cambre non pode facer as casas para eles mesmos, ou para os seus fillos, ou incluso vender as propiedades, porque non sirven para obrar; e tamén se ve como se autorizan urbanizacións, como neste caso, de cento e pico vivendas, pero non é só que se autoricen, e que ademais, nalgúns casos, vaise expropiar aos lindeiros para poder darlle os servizos necesarios a este tipo de urbanizacións.

Di que hai moitas cousas que comentar, unha delas comezando por un certificado da secretaria deste concello, dona M^a Luisa de la Red Ampudia, no que certifica, no ano 2006, que o enxeñeiro de camiños municipal di que dado que non se pode asegurar unha correcta subministración de auga por carencias na rede actual, proponse non autorizar a conexión do citado SAU (que é ao que agora se refiren) á rede xeral de abastecemento municipal. Iso dicíase no ano 2006, que era insuficiente, que tiña problemas de subministración na rede. Eses problemas son hoxe os mesmos ou maiores, porque non se fixo ningunha obra, e os técnicos municipais no ano 2006 dixeron que non.

A opinión dos veciños foi bastante clara fai pouco cando foi o Plan de vivenda. Foron claros os veciños de Cambre, e tamén os partidos políticos, nese caso o PP, que dende logo non se opón ao desenvolvemento de ningunha urbanización, non se opón ao progreso, o que si se opoñen é a forma de facer as cousas. Neste caso ao PP, como ao resto dos partidos da oposición, pídeselles que voten, que autoricen esta urbanización, pero pola contra non se lles permite participar nin na xunta de compensación, nin no proxecto de urbanización, iso significa que hoxe, se se aproba aquí, a partir deste momento só o Sr. alcalde terá atribucións para decidir quen vai entrar na xunta de compensación, e como vai ser o proxecto de urbanización. Os demais partidos, neste caso o PP, non vai poder influír absolutamente nada. Polo tanto, di que iso non o poden consentir.

Continúa sinalando que se lles dixo que isto se aproba porque así o permiten as normas subsidiarias do ano 1994. Tenlles que dicir que o Sr. alcalde, que lamenta que non estea hoxe aquí, é o único que permanece igual en Cambre dende o ano 1994 ata o ano 2010, é o único, porque Cambre cambiou moito, as necesidades de Cambre son totalmente

diferentes no ano 2010, que eran no ano 1994.

Tamén se lles di que esta urbanización débese adaptar ao futuro Plan xeral, ese Plan xeral que o equipo de goberno non quere facer. O Sr. Iglesias foi unha pata moi importante para apoiar ao Sr. alcalde durante catro anos, e durante eses catro anos non fixo nada para que houbera en Cambre un Plan xeral, e é curioso iso, porque no programa electoral do BNG falábase de 40 medidas de goberno para catro anos, e a primeira era tramitar e aprobar en dous anos a ordenación urbanística de Cambre. Pregúntalle ao voceiro do BNG como é posible que en catro anos da anterior lexislatura, e no ano que leva agora, non haxa Plan xeral en Cambre. O programa electoral do BNG dicía máis cousas, pero ese era o primeiro punto, que evidentemente non se cumpriu, pero o mesmo pode dicir do programa electoral do PSOE, no que a primeira promesa en Urbanismo era a aprobación do Plan xeral, e iso puideron velo os veciños de Cambre nas eleccións. O certo é que non hai un Plan xeral, e que levan 11 anos para desenvolvelo, custou máis de 40 millóns de pesetas, e atópanse con que a día de hoxe os veciños, como xa dixo antes, non poden facer urbanizacións, non poden facer as súas casas, os seus terreos non teñen valor, e pola contra outros si poden facelo.

Segue explicando que antes dixo que o BNG ten un interese enorme nesa zona, porque o 12 de marzo preguntaron no Parlamento Galego por que se anulou o Plan de vivenda en Cambre. El cre que os concelleiros do BNG non entenderon aínda o que pasou en Cambre, non entenderon por que se anulou o Plan de vivenda en Cambre, e cre que non é necesario recordar cales foron as causas. Pero eles insistiron, e como dixo, preguntaron, e aquí está a resposta da Xunta de Galicia na que di que, entre outras cousas, os centos de alegacións, as protestas veciñais e, dende logo, a inxustificación e a falta de accesos e servizos. Di que, polo tanto, el proponlle dúas cousas hoxe, que o retiren, que fagan o Plan xeral que segundo eles se pode facer en dous anos, e logo que presenten a proposta, adaptándose ao Plan e ás necesidades de Cambre. Conclúe dicindo que se non é así, o PP, evidentemente, votará en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que non hai dúbida de que este é o primeiro convenio importante, dentro do tema urbanístico, desta lexislatura. Un convenio que está baseado xuridicamente nunhas Normas subsidiarias que eles consideran que están obsoletas, e que datan do ano 1994. Cambre, como se dixo aquí, precisa con urxencia un plan de urbanismo, que é o que ten que determinar a política futura do urbanismo de Cambre nos próximos anos. Efectivamente parece que agora están a ver unha luz para a elaboración dese plan, pero, en todo caso, este convenio é un convenio no que o grupo de EU-IU non participou para nada, porque foi máis ou menos xestado na anterior lexislatura e cren que presenta unha serie de carencias, como xa se expuxeron durante as comisións informativas. Cren que hai unhas persoas que fixeron unhas alegacións respecto dos viais, que non saben como van quedar determinados, aínda que esas persoas van formar parte no futuro da xunta de compensación,...

De calquera maneira, como dixo antes, EU-IU agarda que se elabore un plan de urbanismo, e que se urbanice Cambre en debidas condicións. Eles non estaban cando se determinou este convenio urbanístico, e, polo tanto, van votar en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el coñece este tema dende hai moitos anos, como o coñecen todos os veciños que viven na zona onde se vai facer esta actuación. Agás dúas, tres, catro ou cinco excepcións, todos os veciños da zona están totalmente de acordo en que iso debe desenvolverse e non que estea como está, permitindo cousas que ás veces os propios concelleiros da oposición teñen que denunciar ao goberno municipal, para que controlen e vixilen. Os que non son de alí, e non coñecen o tema, poden ter unha opinión determinada, pero que os que viven alí ao lado, e calquera medianamente razoable, quere que aquilo se desenvolva.

Efectivamente, ao principio alí íanse facer máis de 200 vivendas, logo, por requirimentos da Xunta e demais, foise baixando, e agora queda en 100 vivendas xustas. Son vivendas que van manter unha harmonía co contorno rural, son vivendas como moito de pranta baixa e primeira pranta. Non vai haber edificios. Fixéronse esas preguntas na comisión informativa e foi alí onde se dixo que o que haberá que facer é derrubar unha estrutura existente aló. Parécelle que sacar iso adiante é conveniente para todos, independentemente de que pode haber algunhas persoas afectadas, como antes dixo o concelleiro do PP, fundamentalmente en canto aos accesos, cousa que antes trouxo bastante crispación polos acordos para tratar eses temas, pero agora parece que entran todos os afectados na xunta de compensación da urbanización, cos mesmos dereitos, exactamente igual que os promotores, cada un en función do terreo que se vexa afectado.

Di que tamén hai algúns veciños que onte o chamaron a el para preguntar se iso podería afectar dalgunha maneira ás zonas limítrofes con esta actuación. Di que non lles vai afectar. Si está de acordo co resto dos voceiros en que á hora de elaborar o Plan xeral teñen que ser áxiles, sacar iso dunha vez para adiante, porque ás veces pensase que o Plan xeral só é bo para os que teñen terreos nas zonas rurais, e iso non é certo, o Plan xeral xera recursos para dar servizos en todas as zonas do municipio, tanto nas zonas onde están masificados e non teñen onde meterse, como os que teñen terreos, para todos xera recursos. O Plan xeral é algo que debería ser prioritario para todos, e agarda que desta vez sexa a vencida, e que unha vez que se contrate, que se cumpran os prazos, porque el, dende logo, vai estar aquí esixindo que se cumpran os prazos establecidos no prego, e así o fará día tras día, mes tras mes, para que iso se leve á práctica e non pase o que pasou a outra vez.

Engade que xa cando el estaba no goberno, lles dixo aos veciños que preguntaban que mentres fora alcalde don Antonio Varela Saavedra, non ía haber Plan xeral para os

veciños de Cambre, e segue mantendo o mesmo, porque ten moitas dúbidas de que ao novo contrato que se vai facer se lle dea para adiante coa aceleración que se lle debería dar en interese de todos os veciños.

Conclúe dicindo que, aclarado ese tema, o seu voto vai ser favorable, porque cre que a maior parte dos veciños, se non todos, son partidarios de que iso se leve adiante e se desenvolva.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que ela mantivo reunións con técnicos municipais e que lle quedaron bastantes dúbidas de que estean garantizados os servizos básicos, como pode ser o servizo de abastecemento. Di que isto, o tema do abastecemento, da rede de sumidoiros, dos viais, prodúcelle bastante preocupación, porque cando chegue o momento de que nun futuro as familias estean aí, poden vir os problemas, non só para eles, senón para o resto dos veciños que están na zona.

Conclúe dicindo que por esas dúbidas, e ante a falta de garantías, o seu voto vai ser en contra do acordo.

Toma a palabra don Henrique Xabier Iglesias Oviedo para manifestar que é importante saber que, efectivamente, como dixo o Sr. Cubeiro, isto vén dende o ano 1994. Este é un tipo de planeamento que está aprobado segundo a normativa vixente, e cre que todos coinciden en que é obsoleta, pero que ten xerado uns dereitos, unhas clasificacións do solo, que os seus propietarios cando fan os procedementos e se atinxen á normativa que é obrigatoria, non só municipal senón tamén autonómica, pois neses casos atópanse ante un acto reglado, e trátase de aprobalo ou non aprobalo. Di que poden facelo, pero que, en todo caso, como ben se lles aclarou na comisión informativa, iso pode traer tamén outro tipo de responsabilidades, por danos e prexuízos ou mesmo pola vía penal.

Continúa dicindo que non son cento e pico vivendas, son 100, como ben precisou o Sr. Marante, e ademais non se vai utilizar o método da expropiación, posto que o método que escolleron os propietarios na promoción deste proxecto de sectorización foi o de compensación e, polo tanto, os propietarios afectados que non estean incluídos dentro dese ámbito, pero que teñan algunha afectación externa, por exemplo o caso da ampliación dos viais, vanse incluír na xunta de compensación e, en consecuencia, teñen unha garantía de valoración das súas propiedades, exactamente a mesma que os propietarios que forman parte do ámbito.

Di que antes citaron un informe do ano 2006, pero os informes que sirven, e polos que teñen que formalizar hoxe o acordo, ou desacordo, son os últimos. No informe da Xunta de Galicia de setembro do pasado ano, dáse, despois dunha serie de pasos, dunha serie de informes intermedios que houbo, as bendicións totais a este proxecto. Unha vez recibido este informe da Xunta de Galicia, por parte dos servizos técnicos municipais

dáselle o visto e praxe definitivo e por iso se trae á aprobación do pleno. Durante todo ese proceso, entre o ano 1994 cando se inicia toda esta historia e o ano no que estamos, hai toda unha serie de cambios, precisamente debidos en moitos casos a informes negativos de desacordo por parte tanto municipal como mesmo autonómica.

Continúa dicindo que o concello ten tamén que nomear un representante na xunta de compensación, para defender os intereses públicos, e é vontade do goberno municipal, e supón que aí terán o apoio de todo o mundo, que ese representante do goberno municipal, que será un técnico municipal, vaia tamén a defender os intereses das persoas e das propiedades que se poidan ver afectadas ao ser incluídas neste plan. En todo caso vai haber unha garantía de transparencia para que tamén os grupos municipais que non forman parte do goberno teñan a información que necesiten, que precisen, e toda a que se lles poida facilitar.

Sinala que lle agradece moito ao Sr. Cubeiro que faga referencia ao programa electoral do BNG, destas últimas eleccións, no que efectivamente falaban dun período de dous anos para sacar adiante o Plan xeral. Ten razón en que non o puideron facer, pero é que eles non entraron no goberno despois das eleccións, eles entraron no goberno en agosto do pasado ano, fai seis meses ou seis meses e pico, e xa está o Plan xeral en contratación, rematando o proceso de admisión de ofertas de empresas a finais do vindeiro mes. Xa está publicado en todo e canto boletín oficial é necesario, incluído o da Unión Europea, agora do que se trata é de recibir as ofertas, que os técnicos as valoren, que o pleno decida a que empresa se adxudica, e que se poñan a facer os traballos. Algo é algo, e eles lamentan tanto como os que máis que non puidera estar antes, pero non sabe se terá algo que ver que en seis meses que levan no goberno xa estea en contratación.

Continúa dicindo que xa que saen todos estes temas el pensa que hai unha cuestión que é interesante comentar, aínda que sexa de maneira resumida, para información de todo o mundo. Que se vexa que efectivamente o planeamento das Normas subsidiarias do ano 1994 definía uns parámetros edificatorios para esa unidade de actuación que permitían neses 41.825 m² uns usos para vivenda colectiva, agora van ser para vivenda unifamiliar. As alturas que se permitían no ano 94 eran de baixo máis 2 ou de baixo máis 3, agora quedan en baixo máis 1. A densidade máxima edificatoria era de 60 vivendas por hectárea, algo máis de 240 vivendas, e agora queda en 100 exactas. O aproveitamento urbanístico era do 0,65 m²/m² e agora queda en 0,30 m²/m². Tamén se fai unha modificación no vial de acceso que ten que comunicar cos Campóns, que estaba establecida en 15 metros, e agora pasou a 16.

Di que este ámbito vai ter 1882 metros de zonas verdes libres, vai haber aproximadamente algo máis de 2000 metros de superficie de equipamento comunitario, vai haber 4636 metros de espazos libres, 482 metros para servizos urbanos, 14000 para rede viaria e 251 prazas de aparcamento. Efectivamente se se puidera volver atrás nestes

case 15 anos, e ordenar de novo o territorio, e eliminar os dereitos adquiridos por determinados propietarios, sería estupendo facelo, pero o caso é que bastante se fixo con modificar á metade os parámetros edificatorios desa entidade.

Conclúe dicindo que non vai insistir máis porque o Sr. Marante explicou perfectamente algunhas das circunstancias polas que é interesante abordar unha actuación nesa zona, e volve sinalar que os informes técnicos que serven son os últimos, son os que avalian traer o proxecto ao pleno, e o pleno é soberano, e tamén o son as persoas que forman parte del para votar dunha maneira ou doutra, sabendo tamén cales son as consecuencias do sentido do voto que emitan.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que el habitualmente toma notas, e que ten algunhas notas que tomou na comisión informativa. Di que o Sr. Iglesias só lle preguntou unha cousa ao xefe de Urbanismo, que foi que consecuencias pode ter se o pleno non vota favorablemente. El pensa que era unha pregunta preparada cunha resposta preparada, que podía haber responsabilidade patrimonial. Dille que non se pode intentar forzar o voto da xente, o PP vota en conciencia, isto non se debe facer na forma que está proposto, non se debe facer. El ignoraba o que ían facer os outros grupos, pero alédase de que decidan facer o que van facer, e de que isto non saia, porque os membros do goberno municipal aínda non aprenderon a contar cos demais, están en minoría a pesar do pacto, e seguen pensando que poden dominar, e non é así.

Continúa dicindo que segundo as notas que tomou na comisión informativa do martes, o xefe de Urbanismo dixo textualmente que o Plan xeral de ordenación municipal é unha utopía. Se o xefe de Urbanismo do concello di iso, será que sabe o que di, e agarda que así se reflecta nas actas da comisión informativa, porque realmente os veciños de Cambre saben que o Plan xeral é unha utopía, porque o é.

Con respecto ás xustificacións que deu o Sr. Marante, se é certo que hai un terreo que está en estado de abandono, entón hai o que se chama ornato público. O concello ten medios para que o terreo se arranxe e estea nun estado que non afecte á saúde dos veciños, polo tanto, iso é un tema distinto, se o terreo necesita uns coidados, os propietarios terán que facelos.

Di que estaba lendo o artigo 109 do Regulamento orgánico municipal, onde di que calquera concelleiro pode solicitar a retirada dun expediente, neste caso el xa o pediu antes, e reitérao, pide que se retire, porque fai un pouco o Sr. Iglesias dixo que este expediente ten garantía de transparencia no seu trámite futuro, porque vanse encargar eles, pero dende o PP non confían neles, porque non lles dan garantía de transparencia, todo o contrario, polo tanto, se xa teñen claro como vai ser, volve pedirlle que o retire, que presenten o expediente completo, que lles digan como vai ser a xunta de compensación, como vai ser o proxecto de urbanización, como se van a ter en conta os

intereses dos veciños afectados, para ben ou para mal. Pide que lles diga todo iso e entón volverán a votalo, pero dille ao Sr. Iglesias que, dende logo, non poden presumir de transparencia, que retire o asunto, e que así xa non terá problemas de responsabilidade patrimonial, que o retire e que se votará noutro momento.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que aquí se fixo unha exposición das vantaxes que podería carrear este plan para as persoas e para o futuro de Cambre, pero díxose pouco dos inconvenientes, porque el estivo lendo algúns informes e nalgún deles poñía que aí poderán vivir unhas 300, 400 ou 500 persoas. Esas persoas, evidentemente, supoñen unha serie de cuestións de limpeza, de auga, incluso nun informe cítase que as augas pluviais van ir a un afluente do río Mero e, por conseguinte, ao río Mero e á ría do Burgo. Iso é algo que non se dixo e é unha cuestión que hai que ter en conta. É algo que nun futuro supón que determinará Medio Ambiente ou Augas de Galicia, ou a Xunta.

Tamén quere insistir no tema co que se quere xustificar o acordo, que son os entullos que hai nas inmediacións, as silveiras que hai alí. Pensa que ese é un tema que é responsabilidade, non só deste goberno que está agora, senón tamén dos gobernos anteriores tamén, porque pasaron varios gobernos e seguen tendo aquel armatoste alí, focos de infección de ratas, e ninguén fixo nada. Reitera que é cousa deste goberno e dos anteriores tamén, porque aquí hai unhas persoas que xa estiveron tamén en gobernos anteriores.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que supón que o Sr. Taibo se refería a el. Di que efectivamente el estivo en gobernos anteriores, e polo que sexa iso non se levou adiante, pero el segue pensando o mesmo. Non é só o tema das ratas, senón que hai outras historias que os veciños coñecen moi ben, e que é posible que o Sr. Taibo tamén coñeza, e que poderá votar o que queira, pero que el vai votar a prol, porque considera que a inmensa maioría dos veciños de alí desexan que iso saia para adiante. Ao mellor hai catro ou cinco familias que non queren, pero el o que ten que valorar é se lle parece correcto que se faga esa urbanización alí.

Explica que as condicións nas que agora vai non son as condicións nas que ía, leva espazos libres, espazos abertos, vaise meter unha rotonda no cruzamento, ..., hai unha serie de cuestións que van beneficiar non só aos veciños afectados. Parécelle ben que haxa unha xunta de compensación da que van formar parte todos os propietarios afectados polo tema. Dixeron que o tema da auga é un problema, pero o certo é que en todos os sitios a auga vai para cunetas e para os ríos, as augas pluviais van así, ninguén as bebe. Respecto do abastecemento de auga, efectivamente pode haber problemas se non se fan adecuadamente as instalacións, pero el coñece moitos sitios onde, se fan unha urbanización e o abastecemento da auga é escaso, fanse depósitos de almacenaxe. Hai solucións, e terá que propoñelas quen as ten que propoñer, el dende logo non, será cousa do goberno, da promotora ou de quen sexa.

Conclúe dicindo que el non ten interese ningún en que se faga aí, o seu único interese é que a maior parte dos veciños da zona queren que vaia adiante e, por tanto, el tamén está de acordo con eles en que se debe facer, sobre todo tendo en conta que tamén hai outros veciños de Cambre, mesmo ao lado desa actuación, que presentaron fai aproximadamente un ano, un proxecto con 50.000 metros para facer o mesmo tema, pedindo exactamente o mesmo. Non se lles contestou de momento, non sabe o por que, pero piden exactamente o mesmo tema.

Toma a palabra o Sr. presidente, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, para manifestar que se vai a someter a votación o asunto, xa que non é a súa intención retirar este punto da orde do día. Entende que ten todos os elementos que precisa para estar ben formado o expediente, que ten todos os informes favorables, e, en todo caso, o pleno é soberano para tomar as súas decisións.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que el entende que non é o alcalde ou o presidente quen ten que decidir se se retira ou non, é o pleno o que ten que votar a retirada ou non, porque así o di o art. 109 do Regulamento orgánico municipal.

O Sr. presidente concede a palabra á secretaria accidental da corporación, quen dá lectura ao artigo 109.1 do ROM, segundo o cal: *“Calquera concelleiro poderá pedir, durante o debate, a retirada dalgún expediente incluído na orde do día, para o efecto de que se lle incorporen documentos ou informes, e tamén que o expediente quede encol da mesa, aprazándose a súa discusión para a seguinte sesión. En ámbolos dous casos, a petición será votada, logo de rematar o debate e antes de proceder á votación sobre o fondo do asunto. Se a maioría simple votase a prol do pedimento, non haberá lugar a votar a proposta do acordo.”*

Polo tanto, e en cumprimento do disposto no citado artigo, sómese a votación ordinaria a retirada do asunto da orde do día. Votan a prol os sete concelleiros do PP, votan en contra os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita.

A corporación, por dez votos en contra, rexeita a retirada do punto da orde do día.

A continuación, sométese o asunto a votación ordinaria. Votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG) e votan en contra os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, polo que, ao tratarse dunha votación con resultado de empate, en aplicación do artigo 118 in fine do Regulamento orgánico municipal, efectúase unha nova votación, e dado que se mantén o empate, decide o voto de

calidade do Sr. presidente.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar definitivamente o Plan de sectorización do solo apto para urbanizar residencial denso-2 das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre sito en Castrobó – Os Campóns, Sigrás, promovido por Trasin Asesores, S.L., e elaborado polos arquitectos Javier López Cabana, Eladio Castro López e Césas de Jesús Otero Grille, de conformidade co artigo 74 das Normas subsidiarias indicadas e artigo 46.4 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Segundo: Publicar este acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, así como publicar a normativa e ordenanzas do Plan de sectorización neste último, de conformidade co artigo 92.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Terceiro: Comunicar ao Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a aprobación definitiva e darlle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do Plan de sectorización aprobado definitivamente, de conformidade co artigo 92.3 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4º Mocións

Fóra da orde do día, o Sr. presidente propón que se declare a urxencia e se leve a cabo o posterior debate e votación da proposta de Alcaldía que se lles pasou a todos os voceiros. Trátase dun documento sobre un contencioso-administrativo que presentou a empresa Vodafone España, S.A. á Ordenanza fiscal que se aprobou o pasado mes de novembro. Di que como pode verse polas datas este escrito entrou no concello o día 22 de marzo, o pasado luns, cando o pleno xa estaba convocado dende o día 18 e, polo tanto, non foi posible incluír o asunto na orde do día.

Sometida a proposta de declaración de urxencia a votación ordinaria, votan a prol os vinte concelleiros asistentes á sesión.

A) Proposta de Alcaldía respecto da comparecencia e solicitude á Excm. Deputación Provincial da Coruña de que o Servizo de Asistencia Xurídica a Municipios se faga cargo da defensa xudicial no recurso contencioso-administrativo número 0015077/2010 e peza separada de medidas cautelares 0015077/2010 0001

Vista a proposta de Alcaldía de data 24 de marzo de 2010.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Comparecer no procedemento citado, procedemento ordinario 0015077/2010 e peza separada de medidas cautelares 0015077/2010 0001, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do contencioso-administrativo sección 4 da Coruña, exercitando este concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación ao letrado-asesor xurídico da Excma. Deputación Provincial da Coruña don Ramón Valentín López Rey, ou calquera outro letrado adscrito á dita Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.

Segundo: Facultar ao Sr. alcalde para levar a cabo cantos actos sexan necesarios en orde á execución deste acordo.

Terceiro: Comunicar a presente designación ao letrado mencionado e facilitarlle cantos antecedentes e documentación sexan necesarios para os fins indicados.

Cuarto: Remitir o expediente administrativo referido ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do contencioso-administrativo, sección 4 da Coruña. Notificar o presente acordo de remisión do expediente á Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP.

Toma a palabra o Sr. presidente para manifestar que, antes de que se pase a dar lectura á moción presenta, gustaríalle facer dúas consideracións dende o punto de vista do goberno. Di que todos son conscientes de que a ordenación do tránsito dentro do territorio municipal, e fundamentalmente nos núcleos urbanos, é unha competencia que non lle pertence ao pleno do concello, que é unha competencia da Alcaldía, ou do órgano en que o alcalde delegue, pero aínda así pensan que polo interese social, e por

certa alarma e preocupación veciñal é interesante tratar o tema, por iso apoiaron a declaración de urxencia.

En todo caso, quere propoñer en nome do goberno municipal ao grupo que presenta a moción que a debatan, e que este goberno ao que se compromete é a que, unha vez rematado o proceso urbanizador da zona do Temple que queda na man dereita da rúa Tapia, onde hai varias rúas e varios procesos urbanizadores en marcha, o compromiso sería que por parte dos servizos técnicos, naturalmente coa participación dos grupos municipais, ou dos voceiros, e dándolle tamén entrada á opinión das entidades representativas daquela zona, se aborde un estudo global sobre os tránsitos naquela zona, porque neste momento, tomar decisións parciais sobre algo co que eles non están de acordo, non lles parece adecuado.

Di que é unha petición que lle fan ao grupo que propón a moción, debatela, pero que non se someta a votación por esas dúas cuestións que comentou.

B) Moción do grupo municipal do PP para a reordenación do tráfico na rúa Otero Pedraio e O Temple

Rexistrada de entrada ao núm. 3727 o día 20 de marzo de 2010. Consta do seguinte teor literal:

“No pleno ordinario do mes de outubro de 2007 o Partido Popular de Cambre solicitou a reposición do dobre sentido da rúa Otero Pedraio. Xa entón o noso grupo presaxiaba os graves inconvenientes que para os veciños e comercios da zona suporía a decisión do goberno local de suprimir un dos sentidos do tránsito. Dous anos e medio despois desta moción, os populares vémonos na obriga de denunciar a situación á que ten levado o mantemento desa decisión. Nos últimos meses tiveron que botar o peche varios negocios e outros atópanse nunha situación moi complicada, o que lles levará ao peche se os responsables municipais non tomamos medidas urxentes.

Unido á grave crise económica que sofre o noso país e da que non é alleo o noso municipio, os comerciantes da rúa Otero Pedraio téñense atopado cunha decisión municipal que en nada lles favoreceu. Máis ben todo o contrario. O feito de que a única forma de acceder cun vehículo a esa rúa deba facerse a través da rúa Estanque e que para volver a acceder en caso de non atopar aparcamento os condutores teñan que realizar toda sorte de manobras, dirixíndose ao Seixal, cambiar o sentido nunha rotonda, transitar boa parte da rúa Tapia, incorporarse á rúa Estanque a través doutra rotonda para finalmente acceder a Otero Pedraio, trouxo consigo que moitos dos clientes habituais dos establecementos da zona teñan desistido de volver a eles.

Foron varios centos de veciños do Temple os que se teñen sumado a esta causa iniciada por algúns comerciantes que ven como os negocios nos que investiron gran parte do seu

tempo, o seu esforzo e o seu diñeiro afúndense en gran parte por un problema de dirección dunha vía pública. Ben é certo que existe un grave problema de aparcamento na zona derivado da política urbanística masificadora que permitiu este goberno nos últimos 30 anos á que entre todos debemos dar resposta. Pero mentres esa resposta non chega, ou sistematicamente se nega polo goberno local –cabe recordar que o PP de Cambre solicitou que a parcela de 3000 m² que se atopa na rúa Estanque se dedicara precisamente á construción dun aparcadoiro público-, os veciños e comerciantes do Temple non poden ver como os seus negocios seguen desaparecendo.

Por estes motivos o grupo municipal do Partido Popular no Concello de Cambre solicita a este pleno a declaración de urxencia desta moción, pola que presenta para o seu debate e posterior aprobación polo mesmo pleno municipal a seguinte proposta:

Repoñer o dobre sentido da circulación na rúa Otero Pedraio do Temple, ordenando o aparcamento nesta vía en forma de cordón.”

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que en primeiro lugar quere compartir a inquedanza dos empresarios neste tema, porque é unha inquedanza que se pode estender a outros empresarios do concello, das zonas máis urbanizadas, como pode ser Cambre, ou a urbanización da Barcala, pero o seu grupo pensa que o problema non é tanto que non se poida aparcar na rúa Otero Pedraio, senón que o problema que teñen os empresarios é de peche de comercios. Pensa que ese é un problema moito máis complexo, e é un problema motivado por outras cuestións, como pode ser a crise. Os comercios pechan porque fundamentalmente hai unha crise que non se pode soportar, pero non precisamente porque non se poida aparcar nas rúas, porque entón terían que pechar moitísimos comercios en moitísimos sitios, por exemplo na rúa San Andrés na Coruña, ou na rúa Real.

Cre que é un problema de bastante máis calado, pero coincide en que é urxente habilitar zonas de aparcamento, aínda que sexan provisionais, na zona do Graxal, sobre todo nalgunhas parcelas que están baleiras e que se poderían habilitar para que os veciños poidan aparcar, os veciños e a xente que vai comprar aos comercios. Recoñecen a inquedanza dos comerciantes, pero cre que o problema de tráfico obedece a unha planificación urbanística e ao problema engadido que teñen por estar limitando nesa rúa co Concello de Oleiros, porque se non se limitase con outro concello, ao mellor poderíase facer unha rúa que baixara e outra que subira, pero como di, alí teñen ese condicionante, non se pode facer.

Conclúe dicindo que o problema do peche dos comercios pensa que non é polo dobre sentido da rúa, e outra cuestión que considera importante é que pensa que moitísimos veciños, incluída a propia asociación de veciños do Temple, non está de acordo en que se poña esa rúa en dobre sentido, polo menos iso foi o que lles manifestaron a eles

algúns representantes que non estaban polo labor de que se eliminaran zonas de aparcamento. O seu grupo nesta moción vaise abster.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el ten queixas de comerciantes desa rúa, precisamente no sentido da moción, é dicir, que poñer a rúa de sentido único afectoulles aos negocios negativamente, e iso independentemente da crise que pode afectar tamén.

En todo caso, el cre que este tipo de situacións debería levarlle a pensar ao goberno municipal, de cara a ese futuro Plan xeral, e de cara á hora de urbanizar Cambre, que hai que facer as cousas ben feitas, é dicir, non é só especular, edificar, ocupar todos os terreos e facer canellas. Deberían aprender da zona vella do Temple, que foi das primeiras zonas que tivo problemas, onde houbo que poñer rúas de dirección única por culpa de que non caben os coches. Hoxe en día segue a edificarse igual, e así se pode ver aquí, ao lado da ferretería Vilas, nos edificios que se acaban de facer recentemente, onde ningún coche se pode meter entre os edificios, e só hai unha canella estreita por onde só pode circular un coche, e se aparca un camión, nin iso.

Di que se trata dun defecto do urbanismo en Cambre, que vén de atrás, e do que non se aprende. Non se aprende dos problemas que veñen de atrás, e é hora de que se rectifique, de que ese Plan xeral traia consecuencias para un urbanismo máis decente, non tan especulativo, cun pouco de calidade de vida para os veciños, e que os negocios poidan funcionar correctamente, que os veciños teñan servizos, e que teñan zonas libres, porque ata agora, o que tiña unha leira nunha zona urbana, edificábase toda. Iso non pode ser.

Continúa dicindo que é certo que na zona da que se fala se linda con Oleiros, pero que non aprendemos de Oleiros, a pesar de que lle consta que os alcaldes son moi amigos, pero non aprendemos deles. Non só hai que poñer os exemplos cando son negativos, senón poñelos tamén cando son positivos, e aprender do urbanismo que se fai en Oleiros, porque todos poden ver o que é cando se vai por Santa Cruz, por Mera. Non fala de Perillo, que foi ao principio, cando se comezaba a facer, eles aprenderon que iso non se podía facer así, e hoxe, nas novas urbanizacións que fan de vivendas plurifamiliares en Mera, en Santa Cruz, na parte nova de Perillo na que se vai edificando, teñen grandes prazas, grandes espazos, non se especula soamente, tamén se xera calidade de vida con ese urbanismo. Mentres, en Cambre, cada paso é peor, e hai que tratar de evitalo.

Antes estiveron falando dos Campóns e o que non se pode facer é o urbanismo como o que alí se fixo, o hostel Alba, unha canella, bloque de edificios, vivendas, e os coches que para aparcar diante dos edificios, cando é unha furgoneta, deixan parte na estrada. Hai que facer as cousas con un pouco de seriedade.

Conclúe dicindo que está de acordo coas queixas dos veciños e hai que tratar de solucionar o problema da mellor maneira posible, e por iso está de acordo coa moción, pero tendo en conta que hai que ser sensatos, que iso é recente, e máxime onde aí houbo un convenio urbanístico que ten as súas cuestións, porque se duplicou a edificabilidade que tiña ao principio. Pide que non se leve todo para o peto.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que cando se tomou a decisión de poñer en sentido único esa rúa, non se tomou á lixeira, e sabe que foi así porque naquela época ela era a responsable de Obras e Servizos. Foi unha decisión que se tomou cuns informes duns técnicos de Policía Local, en ordenación do tráfico, e non se tomou para nada á lixeira. Era necesario crear máis prazas de aparcamento, demandadas polos veciños e empresarios, e aquela rúa era unha continua dobre fila, o caos era tremendo.

Explica que os empresarios da zona fixeron unha recollida de sinaturas, pero que tamén a fixeron os veciños que querían que a rúa continuase en sentido único. Había unha contradición e para ela o que valeu naquel momento, e o que lle vale agora, é o informe dos técnicos. Por todo isto, di que non está de acordo coa moción presentada.

Toma a palabra o Sr. presidente, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, e manifesta que dende o goberno municipal fixeron unhas peticións ao principio, e descoñecen se foron aceptadas ou non. En todo caso, di que a decisión que se tomou fai dous anos foi baseada en informes, que están a disposición de todos, e que pensa que todos coñecen, e mesmo o propio PP, a través da súa representante, formulou unha queixa formal diante do Valedor do Pobo. Cre que son coñecedores de que o Valedor do Pobo requiriulle ao Concello de Cambre cal era o problema, cal era a solución que ía adoptar sobre esa queixa, e unha vez recibidos os informes técnicos municipais, o Valedor do Pobo comunicou o arquivo da causa que se lle pedía.

Di que é certo que este tema xa veu varias veces ao pleno. Hai dous anos, cando se debatía este problema, tamén cunha moción do PP, o que estaba no contexto, no ambiente, era toda a obra de reforma da rúa Tapia, que foi unha obra realmente moi molesta para todos os usuarios desa zona, e fundamentalmente para veciños e comerciantes. Pero unha decisión que se tomou con carácter provisional para dotar dunha solución nese momento, ao final, segundo lles informaron os técnicos, segundo lles informou a Policía, e segundo teñen constatado dunha boa parte dos residentes da zona, é unha solución que funcionou dunha maneira razoablemente boa.

Di que efectivamente poden seguir baseando os discursos nos erros do pasado, nos erros da planificación urbanística, no estreito das rúas, na mala previsión, pero en todo caso o que teñen que facer agora é solucionar un problema e achegar solucións en vez de estarse laiando.

Expón que todos os informes que teñen son de que nesa rúa o sentido do tránsito funciona razoablemente ben, está ademais apoiado e avaliado por residentes e comerciantes. O único que teñen son queixas individuais, absolutamente lexítimas e que as comprenden perfectamente, dalgunhas persoas que efectivamente opinan que para a solución dun problema como é o mal funcionamento duns negocios, a solución debe vir dada pola nova implantación do dobre sentido de circulación.

Tamén quere aproveitar para comunicar que hai algunhas actuacións previstas naquela zona, algunha delas xa as teñen comunicado na comisión informativa e os grupos municipais as coñecen. Precisamente pola problemática que teñen naquela zona, e por unha problemática que se vai agravar debido á cantidade de obras que se van iniciar nun moi breve espazo de tempo, sobre todo no outro lado da rúa Tapia, vaise habilitar de maneira provisional a parcela de 3000 m² que é de propiedade municipal e que está destinada á construción de equipamentos socio-sanitarios, para que polo menos durante o tempo que duren estas intervencións, sirva como aparcadoiro provisorio para aquela zona. Tamén en breves días, non sabe exactamente cantos, pero xa están os procedementos en marcha, vaise facer unha actuación de reordenamento da parte de abaixo da zona de Otero Pedraio, precisamente a que limita co supermercado Eroski, que veu agravar algúns dos problemas que xa existían naquela zona.

Por último, está en estudo, os datos e as medidas da rúa que non ten saída, que dá acceso á praza Fernando Buesa. Hai que facer unha última valoración por parte dos técnicos e tomar a decisión de colocar o aparcadoiro nas dúas marxes, tamén en batería, co cal poderíase gañar aproximadamente unhas oito prazas máis de aparcamento.

Conclúe dicindo que, en todo caso, informes técnicos, tanto da Policía como dos servizos técnicos municipais, as propias opinións recollidas e o sentido común indícanlles que non se pode facer a modificación proposta, dende logo neste momento, e xa dixo que manteñen o que ao principio comentou, que unha vez rematado o proceso urbanizador naquela zona, coas unidades de actuación que están en marcha, dende logo non hai ningún inconveniente e están dispostos a facer un proceso de estudo sobre o ordenamento do tránsito en toda a zona da marxe dereita da rúa Tapia.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pide a palabra, e o Sr. presidente concédella pedíndolle que sexa breve. O concelleiro do PP contéstalle que si, e que el habitualmente é bastante máis breve que o Sr. Iglesias.

O Sr. presidente dille ao concelleiro do PP que debe centrarse no tema, agás que veña a outra cousa.

O Sr. Cubeiro pregunta que problema hai, e o Sr. presidente contesta que o problema que hai é que o Sr. concelleiro ten que falar do que están falando, é o que ten que facer.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez responde que o Sr. Iglesias pediulle brevidade, e el contestoulle que sempre é breve.

O Sr. presidente di que si, pero que hai unha diferenza, e que o Sr. Cubeiro non ten que replicar a todo o que se lle di, que o que dirixe a sesión é a presidencia, non o concelleiro do PP. O que lle pide brevidade é el, o presidente.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que se o Sr. Iglesias o quere expulsar, que o expulse, pero que se vai tomar o tempo que considere necesario, e vai comezar a falar.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que vai falar o que a presidencia considere, e pídelle que se poña a falar xa porque está agotando o tempo que ten.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que hoxe que o Sr. Iglesias ten a honra de dirixir este pleno, vénselle as súas maneiras totalitarias, e vai empezar a falar.

O Sr. presidente dille que como non se poña a falar inmediatamente do punto que están tratando, quítalle o uso da palabra.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que el está aquí para falar, que está no seu dereito, o Sr. Iglesias non está aquí para prohibir, pero el si que está para falar. Di que o Sr. Iglesias acaba de dicir que non se poden tomar decisións parciais, en referencia a esta rúa, non obstante acaban de aprobar unha urbanización, que é unha mancha no territorio de Cambre, que é unha decisión parcial, pero esa si que é correcta, esta outra non.

Sinala que, curiosamente, sobre decisións parciais nesta rúa hai un convenio urbanístico, hai un edificio hoxe froito dese convenio, onde se fixeron 300 e pico vivendas onde só se podían facer 75, e probablemente a causa do problema do tráfico nesta rúa sexa esa. É un urbanismo salvaxe, como xa dixo en moitas ocasións neste pleno.

O que tamén lle chama a atención é que o Sr. Marante, voceiro do Partido Galeguista, critique o urbanismo do alcalde, poña como exemplo o urbanismo de Oleiros, e á vez vote favorablemente para que se desenvolva esta actuación en Sigrás, deixando nas mans dese alcalde que critica o desenvolvemento urbanístico. Di que é asombroso, porque acaban de votar a autorización para que o desenvolvemento urbanístico e o plan de compensación dependan do mesmo alcalde que o Sr. Marante critica agora. Ou sexa, que o Sr. Iglesias, hoxe que ten a honra de ser alcalde e actúa como presidente, di que non se poden tomar decisións parciais cando acaba de tomar unha.... Outro voceiro critica ao alcalde por facer o que lle acaba de autorizar que faga....

O Sr. Iglesias tamén dixo que o Valedor fixera cousas que realmente non é así, porque o Valedor o que comunicou foi que se inhibía porque non tiña competencias neste caso.

Tamén dixo o Sr. Iglesias que non se debían laiar, e eles non se están laiando, eles o que están é expoñendo unha situación problemática e presentan unha solución que ao equipo de goberno non lle parece ben, evidentemente. Tamén ten que dicir que hai 300 sinaturas de veciños afectados.

Tamén dixo o concelleiro do equipo de goberno que hai unha parcela municipal de 3000 m², cando el ten entendido que esa parcela foi cedida á Xunta, non sabe se realmente foi así ou non, e gustaríalle que llo aclarase. E ademais agora están facendo un estudo os técnicos municipais para gañar cinco prazas de aparcamento, iso si que é unha miseria para laiarse. A solución para O Graxal é que se van gañar cinco prazas de aparcamento. Pídelles que se tomen en serio isto dunha vez, que se tomen en serio o urbanismo, que non permitan esas brutalidades.

Continúa dicindo que hai pouco tempo asinaouse un convenio para permitir outro edificio de sete alturas no Graxal, esa é a causa real de todo isto, esa é a causa real, polo tanto, se non queren votar a prol da moción, non o fagan, se queren mandar aos técnicos que fagan estudos, fáganos, pero dende logo é penoso o que está pasando, e claro que os comercios pechan pola crise, claro que si, pero é que se ademais lles están poñendo inconvenientes, máis facilidades para que pechen. O concello non ten que ser unha fábrica de problemas, o concello suponse que debería dar facilidades á xente. Polo tanto, pídelles que o tomen en serio, e para facer caso das imposicións do Sr. Iglesias, e como xa lle dixo que el é breve, habitualmente, entón vai rematar neste punto, pero recordándolles que eles como sempre, que fagan o que queiran, non o que crean conveniente, o que queiran.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que non hai que confundir unhas cousas con outras. Di que el votou a prol dunha actuación urbanística que baixou a edificabilidade de 0,65 m²/m² para edificios plurifamiliares, a un 0,30. El vota a prol diso, porque iso parécelle calidade urbanística, quedan moitas zonas verdes, quedan espazos libres, e son vivendas que non destacan sobre a zona na que se van construír.

Agora están falando dun sitio onde o edificio tiña unha edificabilidade de m²/m² e onde a través de convenios do Sr. alcalde pasou a ser o dobre. Di que están falando de cousas diferentes, e que el apoia o que lle parece que é correcto e coherente, e que é bo, e que dá unha calidade de vida, o resto non o pode apoiar, e por iso o critica. El pode estar a prol dunha cousa e a prol doutra, porque tamén está de acordo coa moción.

Toma a palabra o Sr. presidente para manifestar que antes de pasar á votación, el cre que cada quen é dono das súas palabras, e así quedan reflectido nas actas, e polo tanto non van entrar a debatilas, pero que hai algunha cuestión que si é conveniente aclarar, dado que están nun acto solemne e público e vai quedar rexistrado nunha acta.

Di que en referencia á contestación do Valedor do Pobo, o día 9 de xullo de 2008, co rexistro de entrada n.º 8668, recíbese un escrito do Valedor do Pobo, don Benigno López González, facendo referencia ao expediente N7Q1101/08, datado en Santiago de Compostela o 3 de xullo de 2008, dirixido ao Sr. alcalde, e onde se di que se acusa a recepción do informe, con rexistro de saída n.º 6738, de data 12 de xuño, sobre o expediente de queixa n.º N7Q1101/08, e tamén di que se remitiu unha fotocopia a dona M^a Jesús Vieites Mariñas, e que con esa data dispón o peche do expediente de queixa aberto, agradecendo a colaboración prestada. Ese é o escrito do Valedor do Pobo arquivando ese expediente de queixa, e non inhibíndose, arquivándoo, e satisfeito polos informes técnicos recibidos por parte do concello.

Segue dicindo que quere facer unha precisión máis, porque falando de urbanismo parece que todo o mundo ten memoria, menos os que participaron nos acontecementos. El cre recordar que ningún membro do seu grupo municipal, posto que non tiñan representación, estivo presente no salón de sesións cando no ano 1994 se aprobaron definitivamente as Normas subsidiarias de planeamento do Concello de Cambre. O BNG non tiña representación e, polo tanto, nas delimitacións e cualificacións do solo eles non teñen ningunha responsabilidade, nin os que están hoxe, nin os que puideran ter estado antes, porque non estaban.

Con respecto ao convenio urbanístico polo cal se edifica o edificio de Lumiera en Otero Pedraio, poderán comprobar nas actas daqueles tempos cales foron os votos favorables e cales foron os votos contrarios á aprobación dese proxecto de urbanización derivado do convenio urbanístico de Lumiera, que á súa vez modificou o que viña orixinado polas Normas subsidiarias. Polo tanto, e isto non é mirar cara atrás, cando se fala do que se ten feito, e de quen ten as responsabilidades, polo menos o que se pode é apuntar ben, e algúns fixeron o que tiñan que facer, crian que tiñan que facer iso, e era opoñerse precisamente a ese proxecto urbanizador en Otero Pedraio, por múltiples motivos, e así o fixeron. En todo caso hoxe o que lles toca é xestionar problemas orixinados, precisamente por eses modelos urbanizadores, e así o fan, e non miran para atrás para facer.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el si que estaba na corporación na que se aprobaron as Normas subsidiarias, e o seu voto foi contrario á aprobación, precisamente solicitando que se comezara a elaborar un Plan xeral de ordenación municipal. O que se fixo ao abeiro desas normas é responsabilidade dos gobernos siguentes, nos cales el nunca estivo.

O Sr. presidente manifesta que el, por suposto, non se estaba referindo ao Sr. Taibo, xa que coñecía o seu voto nese asunto.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG), votan en contra os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os

catro concelleiros do BNG e a concelleira non adscrita, e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por dez votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do PP para a reordenación do tráfico na rúa Otero Pedraio e O Temple.

Antes de pasar ao seguinte punto da orde do día, dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que lle agradecería ao Sr. Iglesias, que tendo en conta que están presentes varias persoas que coas súas sinaturas, amosaron estar interesadas no tema, que lles informase sobre que data está prevista a reorganización da zona.

O Sr. presidente explica que do que falou antes, da parte inferior da rúa, vai ser proximamente. Houbo que cursar unha petición ao Concello de Oleiros, porque unha das cuestións que se van facer é pintar un paso de peóns en territorio municipal de Oleiros, e polo tanto teñen que pedirlle autorización. Supón que en canto estea esa autorización será breve, xa que é unha obra de pintura e sinalización. Non pode concretar a data porque non ten aquí os datos, pero supón que ao longo do mes que vén estará iso rematado.

Dona M^a Jesús González Roel agradece a resposta, pero lembra que deben prestar un pouco de atención a esa zona, xa que é un problema bastante grave.

5º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. presidente, dáse conta pola secretaria accidental da corporación dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 2699, o día 12 de marzo de 2010, procedente do director xeral do Gabinete da Presidencia da Xunta de Galicia, polo que por indicación do presidente agrádese o envío do acordo adoptado polo pleno do Concello de Cambre en sesión de data 2 de febreiro de 2010, polo que se insta á Xunta de Galicia a retirar o borrador do novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 3705, o día 18 de marzo de 2010, polo que se achega certificación do acordo adoptado polo Concello de Carral, o 25 de febreiro de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Que a Comisión de derrega e marcase cos termos municipais de Culleredo, Cambre, Abegondo, Cerceda, Mesía e Ordes estea constituída polos seguintes membros.

- Presidente: Don José Luis Fernández Mouriño
- Polo grupo municipal do PP: Don Alfonso García González
- Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE: Don Fernando Taibo Gago

- Polo grupo municipal do AideG: Don Manuel Barbeito Botana
- Polo grupo municipal do BNG: Don Peter Brea Rodríguez
- O técnico de urbanismo do concello
- O secretario municipal

Segundo: Que se notifique a todos os concellos arriba sinalados (Culleredo, Cambre, Abegondo, Cerceda, Mesía e Ordes) para os efectos oportunos.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 564, de data 12 de marzo de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Erundina Prado Arcay dende o día 15 ao 21 de marzo do ano 2010, ambos os dous incluídos a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 29 de xaneiro de 2010.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

“- Da Resolución da concelleira delegada da Área de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior núm. 573, de data 17 de marzo de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Aprobar o proxecto de mantemento de servizos sociais comunitarios, así como o proxecto memoria de persoal de servizos sociais, elaborados pola coordinadora de servizos sociais, cun presuposto total de 296.739,55 euros segundo se desglosa a continuación:

CONCEPTO	Nº PROFESIONAIS	ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
COORDINADORA SS	1	50.517,55 EUROS	18.000,00 EUROS
TRABALLADORA SOCIAL	3	122.556,99 EUROS	67.267,00 EUROS
EDUCADOR SOCIAL	2	69.733,97 EUROS	50.022,98 EUROS
AUXILIAR ADMTVO	2	48.931,04 EUROS	35.247,56 EUROS
MANTEMENTO DE SS COMUNITARIOS	---	5.000,00 EUROS	3.500,00 EUROS
TOTAL	8	296.739,55 EUROS	174.037,54 EUROS

Segundo: Aprobar a realización dos programas básicos e específicos dos servizos sociais comunitarios e os programas de servizos sociais especializados, elaborados polos técnicos do departamento de servizos sociais cun presuposto total de 743.744,96 euros, sendo os programas os que a continuación relaciónanse:

CONCEPTO	ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
AXUDA NO FOGAR (libre concorrencia)	215.960,00 EUROS	137.000,00 EUROS
AXUDA NO FOGAR (valoradas dependencia)	280.656,00 EUROS	200.632,00 EUROS
ACTIVIDADES SS	71.745,65 EUROS	28.738,58 EUROS
EMERXENCIA SOCIAL	55.000,00 EUROS	35.000,00 EUROS
XANTAR SOBRE RODAS	51.000,00 EUROS	30.000,00 EUROS
AXUDA PARA A DEPENDENCIA	8.375,10 EUROS	5.000,00 EUROS
PROGRAMA EDUCACIÓN FAMILIAR	29.605,10 EUROS	20.000 EUROS
ACTIVIDADES 3ª IDADE	31.403,11 EUROS	21.700,00 EUROS
TOTAL	743.744,96 EUROS	478.070,58 EUROS

Terceiro: Aprobar o proxecto do equipamento mobiliario para a posta en funcionamento dun local para a terceira idade da Barcala (Cambre), enmarcado dentro dos servizos sociais especializados, elaborado pola coordinadora do departamento de servizos sociais cun presuposto total de 14.327,88 euros, según se desglosa a continuación:

CONCEPTO	ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
EQUIPAMENTO MOBILIARIO	14.327,88 EUROS	9.000,00 EUROS
TOTAL	14.327,88 EUROS	9.000,00 EUROS

Cuarto: Facer constar que se continúan prestando os servizos nas mesmas condicións que o ano anterior.

Quinto: Dese conta ao Pleno da Corporación Local na próxima sesión que teña lugar, da presente resolución, isto de conformidade co establecido no artigo 11 punto 1.1, a) das bases que rexen a convocatoria, in fine.”

6º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 3728 o día 20 de marzo de 2010.

1º O Partido Popular de Cambre ven propoñendo dende hai meses a posibilidade de que os baixos de titularidade municipal que se atopan na urbanización da Barcala sexan cedidos mediante un sistema público de arrendamento a emprendedores e comerciantes co triple obxectivo de xerar recursos, fomentar o autoemprego e dinamizar a urbanización da Barcala. Rogamos ao goberno local teña en conta esta proposta e desenvolva un proxecto para levala a cabo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que xa noutra ocasión que se propuxo

esta idea manifestaron unha opinión favorable, pero a cuestión é que están a falar dos locais da Barcala, e facendo un reconto dos locais que son de propiedade municipal nesa zona atópanse con que o que quedaba libre na rúa Río Barcés onde está o centro socio-cultural da Barcala e contiguo ás dependencias dos Servizos Sociais municipais, á esquerda de Servizos Sociais, está incluído dentro dos proxectos do FEESL para a ampliación, precisamente, do centro de Servizos Sociais, polo tanto aí xa non vai quedar nada libre.

Os outros dous locais da rúa Río Barcés que están comunicados, están sendo utilizados para uso municipal, tanto pola brigada de obras municipal, como pola Policía e Protección Civil, para almacenaxe de diferente maquinaria e material que utilizan.

Os que están tamén en Río Barcés, pero que dan á zona do parque infantil, á zona do paseo, na súa maior parte foron arranxados xa co programa FEIL, para usos sociais, de asociacións, terceira idade, ludoteca, e o resto que quedaba está incluído dentro do novo plan do FEESL para construír os locais de ensaio.

Por último, nas rúas Río Sil e Río Miño vaise rematar a reforma que se iniciara nun local na pasada lexislatura, para uso tamén de tipo social. Hai un contiguo que foi cedido ao Club Ciclista Cambre-Caeiro para poñer alí as súas dependencias, talleres e equipamentos. Alí queda aínda un sobrante, que pode ter sobre os 400 m², que dá á parte interior da praza, e está sendo utilizado como almacén por parte dos servizos municipais, en temas de iluminación, mobiliario,

Conclúe dicindo que, polo tanto, xa non hai agora mesmo locais libres na Barcala, xa que entre os que se están usando e os que se van a usar polos proxectos que están en marcha, non quedan. En todo caso, fan o ofrecemento de cursar unha visita, con representantes de todos os grupos, a todas as dependencias, a todos os locais que son de propiedade municipal da Barcala, para facer unha comprobación in situ e ver cal é a situación.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que non van discutir a utilidade que se lles dá, pero que cando faláron de dinamizar A Barcala, ao mellor os almacéns municipais poden estar noutro lugar que teña menos importancia urbana, hai outras aplicacións que poderían ser discutibles, ao mellor, a duplicidade de locais de ensaio coa Escola de Música, unha serie de cousas que poderían ser discutibles, pero é que ademais, unha vez máis, ...

Neste punto o concelleiro do PP interrompe a súa exposición para pedir que se alguén ten algo que dicir que pida a palabra e que o diga, pero que sería conveniente que non falasen en voz baixa.

O Sr. presidente pídelle ao Sr. Cubeiro que se dirixa ao pleno en conxunto, que explique

o que está explicando, e que se cinga ao tema.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que o que lle molesta é que lle curta o fío, e pide que por favor, se son tan amables, que manteñan o respecto.

O Sr. presidente fai unha petición a todo o mundo para que se manteñan as formas, e fundamentalmente á persoa que está intervindo.

O Sr. Cubeiro di que supón que se refire á súa compañeira de grupo.

O Sr. Iglesias Oviedo di que non sabe se o Sr. Cubeiro veu a este pleno con ganas de que lle retire o uso da palabra, invitao a continuar co tema dos locais da Barcala, e pídelle que non o interrompa. Finalmente, o Sr. presidente informa ao concelleiro do PP que xa non está no uso da palabra e pide que se pase ao seguinte rogo.

2º Rogamos nos informen das xestións levadas a cabo durante o último mes polo goberno local para que finalicen as obras da estrada de Espíritu Santo a Fraís e que acumulan un atraso de tres anos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que é un tema que ten vido moitísimas veces aquí. Había unhas obras de saneamento que era necesario facer nesa estrada. O Concello de Cambre fixo un intento de coordinación, que esta vez saíu perfectamente. A finais do mes de xaneiro a empresa contratada pola Xunta para facer os cruzamentos dos colectores nesa estrada cumpriu coa palabra que deu na reunión de coordinación que tiveron e xa hai moitos días que rematou de facer eses cruzamentos, co cal a calzada quedou lista para o seu remate pola Deputación.

Di que funcionou a coordinación e o que non funcionou novamente foi a empresa que ten a Deputación contratada, que é a empresa Manfor. Segundo as noticias que teñen ao estar en contacto directo cos servizos técnicos da Deputación, é que esa empresa ten recibido un ultimatum da Deputación para ter totalmente rematada a obra o 18 de abril, e que se non o fai así, iniciarán un procedemento de rescisión do contrato.

Sinala que esa empresa xa é coñecida do Concello de Cambre, xa que foi a empresa que llas fixo pasar realmente mal a unha das concelleiras hoxe presentes, foi a empresa que executaba a praza de Manuel Murguía.

Esta é a situación na que están agora, coa Deputación, que é a propietaria da estrada, requiríndolle mediante un ultimatum, unha notificación, á empresa concesionaria que remate as obras nun prazo determinado, e se non o fai así, iniciarán a rescisión do contrato. En canto as obras que estaban pendentes de saneamento, están xa listas.

Di que tamén aproveita para comentar que os servizos técnicos municipais están en

contacto permanente coa Deputación e coas direccións de obra correspondentes, e por iso un defecto grave que había no encontro entre a subida de Lendoiro coa nova variante, onde se produciron uns socavóns importantes que facían realmente perigosa e difícil a circulación, conseguiuuse que os servizos técnicos da Deputación, e a empresa que leva o mantemento, fixeran as reparacións de urxencia. Segundo comunicou a Deputación esas reparacións vaillas cargar á empresa concesionaria da obra.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que despois de oír esta explicación non sae do seu asombro. El leu hai pouco unha nota de prensa que enviou o Sr. Iglesias onde dicía, asombrosamente, que as obras avanzaban a bo ritmo. Despois de escoitar o que se dixo, e despois de ter pasado por esa estrada durante tres anos en obras, ler esa nota de prensa onde se di que avanzan a bo ritmo, e agora di o que di, el non sabe que dicir.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que será que leu mal a nota, porque el as obras que dixo que ían a bo ritmo eran as obras de saneamento, e eran tamén as obras necesarias para poder rematar un tramo das beirarrúas na estrada que vai de Lema a Bribes, que están precisamente pendentes dun pequeno tramo de colector para poder rematar esas rúas. Iso foi o que funcionaba a bo ritmo e están traballando e cumprindo perfectamente os prazos, pensa que incluso con adianto ao que se comprometera, e iso foi ao que se refería.

3º Rogamos se solicite por escrito a SEPES o desenvolvemento urbanístico da parcela de 100.000 metros cadrados que quedou sen desenvolver cando se creou o polígono industrial de Espírito Santo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que están de acordo co sentido do rogo, con que se desenvolva dunha vez aquela parcela, pero ten que dicir que non é necesario dirixirse ao SEPES, porque o SEPES xa presentou o primeiro proxecto para urbanizar a parcela que quedara sen rematar de 100.000 m² no ano 2006. Por parte dos servizos técnicos municipais, e pensa que tamén por parte da Xunta, se lles obrigou a facer unha serie de rectificacións. Despois dunha serie de pasos que deron, por parte do SEPES presentouse un último proxecto, e o 2 de febreiro deste ano requíruselles para que presentaran unha documentación complementaria, máis a autorización preceptiva de Augas de Galicia, posto que afecta a un pequeno canle fluvial que hai naquela zona.

O concello está pendente de que o SEPES envíe esa documentación complementaria, que obteña a preceptiva autorización de Augas de Galicia para darlle autorización e que poida levar a cabo a urbanización desa parcela de solo industrial que quedou pendente.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que esta pregunta xa a fixeron tamén en máis ocasións, e tamén, de forma asombrosa, a resposta que lles deron, neste caso compañeiros do Sr. Iglesias, foi que non tiñan nin idea, e hoxe entéranse de

que está feito todo iso. Di que é curioso, e que, dende logo, a coordinación é fantástica.

Conclúe dicindo que lle gustaría que se lles facilitase copia desa documentación.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a copia haberá que solicitala, porque el o que ten é anotado da súa man as datas que lle deron sobre estas cousas, e non é apropiado que el lle pase ao PP unha copia dunha nota manuscrita. Os proxectos e todos os informes están nos servizos de urbanismo do concello, que son os que a el lle facilitaron a información, e que son os mesmos servizos, cos mesmos técnicos, que levan aquí moitísimo tempo, e que llo puideron facilitar a calquera, incluído ao Sr. Cubeiro.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez responde que, en todo caso, moitísimas grazas, e que xa se dirixirán aos funcionarios porque, dende logo, dirixíndose aos membros do equipo de goberno non van aprender nada positivo, nin van sacar información.

O Sr. presidente di que o concelleiro popular sabe que os expedientes están onde teñen que estar. En canto a esas voces que se escoitan sen ter o uso da palabra, sinala que o que teñen que facer é calarse, que cando lle toque estar no seu posto, será cando poida exercer de presidente, e seguro que o Sr. Cubeiro o vai facer moi ben.

Antes de comezar cos rogos presentados polo seu grupo, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que lle parece que están dando unha imaxe totalmente negativa do que debe ser un pleno municipal. Non lle estraña que os veciños vaian marchando pouco a pouco do salón de sesións, porque case os están botando fóra.

O Sr. presidente prégalle ao Sr. Taibo que inicie a lectura dos rogos.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que é só un segundo, que falou da imaxe negativa que están dando porque en vez de traer aquí as iniciativas que deben traer para tratar, cre que están traendo outras cousas que ao final non conducen a nada.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 3731 o día 20 de marzo de 2010, xunto coas preguntas.

1º O goberno municipal concedeu licenza para a instalación de dúas estacións base de telefonía móbil na Tapia. As ditas antenas xa foron motivo da apertura dun expediente, pola súa instalación e posta en funcionamento sen licenza municipal.

Ante a desconfianza polas consecuencias que poden ter as radiacións sobre a poboación e sobre todo, sobre as persoas máis vulnerables, como poden ser os nenos/as, anciáns e

enfermos, o artigo 8.7 do R.D. 1066/2001 obriga ás empresas a desenvolver estratexias para minimizar as emisións das estacións base de telefonía (antenas), e o artigo 3, obriga a extremar esa minimización se existen zonas sensibles (garderías, parques, colexios, centros de saúde, etc) nun contorno de 100 metros.

Tendo en conta as anteriores consideracións, o grupo municipal de EU-IU presenta o seguinte rogo:

1. Que o Concello de Cambre solicite á Inspección Provincial de Telecomunicacións realice as medicións dos niveis de emisións das antenas mencionadas; ou no seu lugar encargará peritaxe a empresa cualificada.
2. O concello solicitará das compañías instaladoras o estudo dos niveis de exposición radioelétrica en áreas próximas ás antenas en cuestión.
3. Solicitar a Telefónica Móviles e Vodafone España, S.A., a estratexia deseñada para minimizar as emisións da antena considerando que nun contorno de 100 metros existen zonas sensibles (parques, colexios, centros sociais ...).

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que están de acordo e que van solicitar todo iso que se pediu nos vindeiros días.

2º Tendo en conta o escrito do Ministerio de Economía e Facenda, rexistrado de entrada co número 1458 o día 5 de febreiro de 2010, polo que se denega a petición de compensación de 805.649,36 euros en concepto de IBI dos exercicios 2005 a 2008, deixados de percibir polo concello como consecuencia da bonificación do 95% aplicada a prol de Autopistas del Atlántico (AUDASA).

Pregamos ao goberno local se nos informe da situación do problema.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que con respecto a este problema hai unha Resolución da Alcaldía do 5 de marzo de 2010 na que se insta á Deputación a que por medio do seu departamento xurídico recorra a resolución.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que el imaxinaba que iso non podía ser doutra maneira, pero a súa pregunta tiña un dobre sentido, no senso de preguntar se o concello non ten pensado acudir a outro tipo de servizos xurídicos, que non sexan os da Deputación, un pouco para axilizar a actuación. Di que é un problema que supón deixar de percibir preto de case 1 millón de euros.

Di que el o di polas experiencias que hai doutros concellos do territorio español que teñen presentado este tipo de recursos, non polas respectivas deputacións, senón que recorreron a servizos xurídicos especialistas neste tipo de problemas, como así ocorreu

cun gabinete do Concello de Cenicero, que leva ganados un montón de recursos. Por iso el preguntaba se no Concello de Cambre non tiñan contemplado esta posibilidade, porque ao mellor da forma pola que se optou o que se fai é un pouco atrasar este proceso.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que de momento o paso que se deu foi o que dixo, solicitar aos servizos xurídicos da Deputación a interposición do recurso contencioso-administrativo. E de momento non está prevista outra cousa, máis adiante, se se vira que o atraso é grande, poderíase ver que outra cousa facer.

O Sr. presidente toma a palabra para explicar que, segundo lle ten comentado agora mesmo a Sra. interventora, a información que teñen é que mañá mesmo os servizos xurídicos da Deputación van presentar formalmente o contencioso. A partir de aí os pasos non é cousa de axilizalos ou non, é un proceso que está reglado pola vía xurídica e que para eles ten toda a credibilidade, porque confían en que os servizos xurídicos da Deputación o farán ben.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que el tampouco pon para nada en dúbida a credibilidade dos servizos xurídicos, el falaba da efectividade.

3º A corporación municipal ten aprobado por unanimidade, unha moción encamiñada a dotar aos parques para instalacións adaptadas para persoas maiores co fin de realizar actividades de carácter físico e terapéutico.

O noso grupo prega se nos informe sobre a instalación de aparellos biosaudables nos distintos parques ou lugares do concello.

Don José Francisco Parceró Rial contesta que el tamén está de acordo en instalar aparellos biosaudables nalgúns parques, e que se fará un estudo para determinar cales son os parques onde se pode facer.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, explica que cando se presentara a moción tiñan quedado en que, de ser posible, que se instalaran estes elementos polo menos nun parque en cada parroquia, para que non houbera ningunha discriminación entre a poboación.

Don José Francisco Parceró Rial explica que, como todos saben, el acaba de asumir o seu cargo e polo tanto o primeiro que está facendo é poñéndose un pouco ao día. En breve poñerá con iso.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que o entende, e que por suposto terá o prazo que merece pola súa incorporación.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 3821 o día 22 de marzo de 2010.

1º Rogo se informe das novidades, sobre o trazado do AVE.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), explica que presenta este rogo porque hai uns días viu na prensa que os alcaldes se tiñan reunido, e quere saber as novidades que houbo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a única novidade que hai con respecto ao que se tratou no anterior pleno, onde xa se deu toda a información que hai, é esa reunión que tivo lugar con varios alcaldes, convocados polo secretario xeral de Infraestruturas do Ministerio de Fomento, e onde tamén había representación da Xunta.

Di que para falar do contido da reunión o mellor é que, como foi o Sr. alcalde o que estivo presente, sexa el no que na próxima xunta de voceiros, ou no próximo pleno, o comente. O que si lles adiantou xa é que non houbo ningún tipo de novidade, que o Ministerio de Fomento ratificouse en que todos os trazados están en estudo, que non hai ningún anulado, e que se incorporaba para o seu estudo unha nova variante que era a posibilidade de que non fixera parada en Betanzos o percorrido entre A Coruña e Ferrol, pero que todo estaba en estudo e non había ningunha decisión tomada, nin a prol, nin en contra.

Conclúe dicindo que o mellor vai ser que o desenvolvemento da reunión o conte o Sr. alcalde que foi quen estivo presente.

2º Rogo se informe, para cando ten pensado o goberno municipal arranxar o balado metálico na rúa de acceso ao polideportivo municipal de Cambre (fronte ao colexio).

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), explica que este e máis o próximo son rogos repetidos do pasado pleno, xa que como dixo, mentres non se lles dea solución ás cousas vai repetilas, porque parece que hai que recordalas cada dous por tres.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, efectivamente, dende que o Sr. Marante fixo o rogo o pasado mes houbo outro tramo máis que houbo que protexer polo seu estado de deterioración. Xa comentou que se vai cambiar todo e agardan que sexa en breve prazo, porque xa está encargado o material para instalalo. Agarda que poida ser á volta da Semana Santa, antes vai ser imposible.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que el agarda que sexa antes do próximo pleno, porque senón terá que volver a recordarllo el, xa que cando preguntou o

mes pasado a resposta do Sr. Iglesias foi que de maneira inmediata.

3º Rogo se informe das xestións feitas polo goberno municipal para solucionar os problemas que teñen as distintas redes de saneamento instaladas nas parroquias, para que poidan ser usadas polos veciños.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo reconece que tivo un despiste e que o Sr. Marante xa llo aclarou antes de entrar no pleno, que cometera un despiste, porque pensaba que no pasado pleno xa lle fixera entrega dunha copia do informe, pero por algunha circunstancia, ou o entregou a outra persoa ou non sabe que fixo con el. Di que se compromete a recuperalo mañá, porque a verdade é que pensou que á saída do pasado pleno xa lle fixera entrega.

En todo caso, di que por parte dos servizos técnicos anunciábanse unha serie de pasos que se estiveron dando nos últimos meses, que son moitos deles de carácter técnico-administrativo. A maiores, e como novidade respecto daquel momento, pode adiantarlle que o Plan de Obras e Servizos do 2007, que son os saneamentos de Drozo en Anceis, de Piñeiro en Lema e de San Lourenzo, readxudicáronse a outra empresa despois de ter rescindido o contrato coa anterior, e están a moi bo ritmo, de feito na zona do Drozo practicamente está acabado o que é o tendido principal, o mesmo que na zona de Piñeiro, faltan por instalar os bombeos, e deixan para último lugar o de San Lourenzo porque debido á profundidade por onde vai e aos cortes que hai que facer na estrada, vai haber que facer un dispositivo de tránsito especial para aquela zona, e ten especial dificultade.

Tamén quere comentarlle que nos de Pombo, Cobelo, Fabás de maneira reiterada se lle estivo requirindo á empresa a corrección dunha serie de defectos. Con data de 3 de marzo, el mesmo asinou un requirimento á empresa dándolle un prazo de 30 días para subsanación das deficiencias que os técnicos detectaron alí, e que se non cumpren o propio concello os executaría con cargo ao contrato desta empresa.

Rogos da concelleira non adscrita presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 3817 o día 22 de marzo de 2010.

1º Rogo se nos informe en que estado se atopan as obras no campo de fútbol do Once Caballeros, na Barcala e cal será aproximadamente a data de finalización da dita obra.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que nestes días comezaban coa colocación do céspede, a partir de mañá ou a semana que vén. A acta de comprobación do replanteo desta obra foi asinada o 25 de xaneiro, e a partir de aí teñen un prazo de catro meses. Está previsto rematala en prazo, así que a finais do mes de maio estará finalizada.

2º Rogo se informe cando ten pensado o equipo de goberno limpar os edificios municipais de “graffitis”.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o servizo municipal de limpeza que está contratado a través dunha empresa, ten establecidos uns protocolos en todas as súas actuacións, e, en concreto, a limpeza de mobiliario urbano e edificios faise cunha frecuencia trimestral. Fixérona xa no trimestre que acaba, e segundo lles comentan as previsións que teñen son de que en aproximadamente dúas semanas van dar unha nova batida para a limpeza de “graffitis” nos edificios municipais.

3º Rogo se me informe por que non están publicadas na páxina web do concello (perfil do contratante) as distintas obras, subministracións e servizos pendentes.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que se por obras pendentes entende que son obras que non se iniciou a contratación, entón non hai necesidade de publicalas no perfil do contratante. Se se refire a obras nas que si xa se iniciou un expediente de contratación, aínda que non estean adxudicadas, esas si que están todas na páxina web do concello. Todas as que teñen un procedemento iniciado.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 3729 o día 20 de marzo de 2010.

1ª A petición da AAVV de Pravio-Cela o PP de Cambre formula a seguinte pregunta: Por que motivo están sen realizar as sendas entre Pravio e A Castellana despois de tanto tempo e que data ten prevista o equipo de goberno para realizalas?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que as beirarrúas entre Cambre e Pravio, pasando pola Castellana van paralelas a unha estrada autonómica e son necesarias varias circunstancias para podelas facer. A primeira delas é que o titular da estrada indique cales son as características de como se deben facer e lles dea a pertinente autorización. A segunda é ter a dispoñibilidade dos terreos, polo sistema que sexa, aínda que o mellor de todos é a cesión dos propietarios. En terceiro lugar é necesario ter un proxecto de execución. E en cuarto lugar hai que ter partida orzamentaria para executalas.

Di que con respecto ao primeiro punto conseguiron, despois de varios meses, é un tema que xa ten saído aquí neste salón de plenos en varias ocasións, que por fin técnicos responsables da Consellería viñeran a Cambre. Estiveron aquí hai aproximadamente 10 días, e fixeron con eles, e cos técnicos municipais un percorrido por toda esta estrada que é fundamentalmente onde teñen varios problemas, tanto de beirarrúas como de temas de seguridade viaria en xeral, para ver cales eran os parámetros, as condicións ou as esixencias que lles poñerían para executar as actuacións.

Conseguido iso, o que se fixo xa antes foi encargar unha memoria valorada na que se incorporaron todos os datos técnicos e a valoración económica para podela executar. De maneira inmediata teñen pensado abordar a obtención dos terreos necesarios, mediante cesión dos propietarios. Di que xa iniciaron algún contacto, non poden garantir unha data concreta, pero si se comprometen a inicialo de maneira inmediata.

Por último, aínda que non existe na proposta de orzamentos que coñecen unha partida específica para este investimento, unha vez que se incorporen as partidas con financiamento afectado de orzamentos anteriores, o que van facer e redenominar algunha. En concreto hai unha partida que xa conta con 100.000 euros, pero que ten un nome específico, que é a seguridade viaria de Catro Camiños a Apeadeiro, e que pasaría a ter un nome máis xenérico, e así abordar os temas de seguridade viaria nesa zona.

En resumo, unha vez que teñan a memoria valorada, van solicitar a autorización da Xunta, que é a propietaria da estrada, paralelamente van intentar conseguir, para o que piden a colaboración de todo o mundo, a cesión dos terreos necesarios, e unha vez aprobados os orzamentos, tamén disporán do diñeiro necesario para poder acometer as obras.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que lle pareceu entender agora ao final que van solicitar autorización, iso significa que non está solicitada, supón. En calquera caso imaxina que os veciños de Pravio xa poden estar tranquilos porque o goberno municipal xa está traballando a bo ritmo na realización destas sendas, aínda que non se pode dar unha data por asuntos alleos a eles. Entón, polo visto é unha mensaxe de tranquilidade.

2ª En que estado se atopa a contratación da auditoría externa que hai 5 meses se ía contratar de forma inmediata?

Dona Erundina Prado Arcay contesta que cre que no pleno do mes anterior xa lle contestou en que situación se atopaban. Tiñan solicitado a tres empresas un orzamento. Neste momento teñen o orzamento de dúas das empresas e falta o da terceira, que quedou en envialo, máis ou menos, a vindeira semana.

Di que os orzamentos que lles enviaron, calquera deles, sobrepasa os 6 millóns de euros. Cando teñan as tres propostas imaxina que o alcalde se reunirá cos voceiros de todos os grupos e tomaranse as decisións pertinentes.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que agora mesmo está sendo unha noticia candente a posible fusión Caixanova/Caixa Galicia. Foi necesaria unha auditoría das dúas entidades que non chegou a custar 1 millón de euros, pero en fin, parécelles crible a cantidade de 6 millóns de euros, dende logo que si.

3ª Que medidas ten pensado adoptar o goberno local para paliar a sangría recadatoria que se recolle no borrador de orzamentos entregado a todos os grupos desta corporación?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que non sabe moi ben a que sangría se refire o PP, pois como se discutiu xa neste pleno, para este ano 2010, e dada a especial situación económica actual, non se modificaron en absoluto as tarifas aprobadas con anterioridade dos impostos, taxas e prezos públicos municipais, polo que as súas contías non se aumentaron este ano.

Por outra banda, e para asegurar o equilibrio financeiro da corporación, aprobouse a imposición das novas taxas para utilización privativa e aproveitamento especial dos dominios públicos, como foi o caso da telefonía móbil e dos caixeiros automáticos.

No borrador do orzamento municipal o que se recolle, ademais, son estimacións dos ingresos a recadar, e estas fanse en función do que realmente se ten recadado no ano 2009. De feito nalgunhas partidas pode verse que hai unha recadación maior porque no ano 2009 se ten recadado máis do que estaba previsto, así se calcula a estimación deste ano, e ese incremento vén dado polas altas que se poden producir nos padróns tributarios, e tamén por un maior número de usuarios das distintas actividades que se organizan por parte do concello. Ademais, dentro destas previsións tamén se recollen as cantidades recadadas en executiva pola Deputación, é dicir, o que tiña quedado sen pagar en anos anteriores.

Continúa dicindo que nas ordenanzas reguladoras de taxas e prezos públicos se recollen un grande abanico de bonificacións e reducións que foron aprobadas polo pleno para facilitar o acceso aos veciños con maiores problemas de desemprego, maiores de 55 anos ou familias numerosas. No caso dos impostos a lei xa prevé tamén a concesión de fraccionamentos e aprazamentos de débedas por motivos económicos.

Conclúe dicindo que nestes orzamentos non houbo ningunha subida de ningunha taxa, de ningún tipo, o que si hai son cambios de partidas, que se ven pola nova normativa, por exemplo desaparecen os servizos asistenciais totalmente porque van incluídos nos prezos públicos de axuda ao fogar.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, pregunta se lle pode dicir se os ingresos propios do concello aumentan o diminúen, e en que cantidade.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que non ten agora aquí a cantidade exacta.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que el si a ten, e expón que dende o goberno municipal se apresuraron a mandar unha nota de prensa na que dicían que seguramente debido á profunda ignorancia do PP non entenderon os orzamentos. Di que

probablemente non os entendan ben, pero que dende logo quen non o fai é o Sr. Lisnier.

Di que o PP se refería a que os ingresos deste concello diminúen en 1.300.000 euros, aproximadamente, e se non é así, agradeceríalle que o explicase. El non está dicindo que se cobren máis impostos aos veciños de Cambre, ao contrario, de feito un dos rogos que fixeron antes era precisamente para que se acaden uns obxectivos como é, entre outros, xerar riqueza en Cambre coa cesión dos baixos da Barcala. El o que pregunta é iso, como pensan aumentar os ingresos, porque diminúen.

Don Jaime Manuel López Lisnier di que a pregunta que fixeron foi “que medidas ten pensado adoptar o goberno local para paliar a sangría recaudatoria ...”, ou sexa, que din que están sangrando aos veciños.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que o que din é que se recada menos, pregunta se iso é así ou non, se os ingresos do concello son menos, si ou non.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que si.

O Sr. Cubeiro di que iso é o que preguntaba, que como pensa paliar esa situación, ou se se conforma con ingresar case 1 millón e medio menos que o ano pasado, que á súa vez xa era 1 millón menos que o anterior, que á súa vez tamén o era do anterior. Esa é unha forma clara, demostrativa, da política de Cambre, de desidia, de abandono e moribunda, e se o Sr. Lisnier ten algunha idea para aumentar os ingresos, pregúntalle cal é, como vai aumentar os ingresos, non lle está pedindo que cobre máis.

Segue explicando que o que xa lle dixeron algunha vez ao Sr. Lisnier, e tamén algunha vez aos seus compañeiros anteriores, porque algunha vez os despistan e xa non saben a quen dirixirse, o que lles dixeron é que teñen que pagar todos, o que non pode ser é que paguen uns e outros non. Teñen que pagar todos os veciños de Cambre, iso é unha cousa, e cobrar máis é outra ben distinta. El quere que o Sr. Lisnier lle explique, como concelleiro de Facenda, que iniciativas ten para aumentar os recursos do concello, ou polo menos evitar que diminúan.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que os recursos do concello virían, a maior parte deles, de novas edificacións, de novas licenzas e demais, iso podería ser algunha forma de recadar. Algunhas incidencias que hai, como vaos e cousas dese tipo, pero despois, se non suben as taxas e demais, pouco poden facer, porque os gastos si que suben.

O Sr. presidente expón que pensa que a pregunta que se formulou foi contestada, e se queren facer novas preguntas haberá novas oportunidades, mesmo van ter pronto o debate de orzamentos. En todo caso, e se se cre de interese, está a Sra. interventora presente e poden preguntarlle se lles pode dar algunha orientación sobre ese tema do

1.300.000 euros menos que hai aí.

A Sra. interventora explica que a diminución do 1.300.000 euros que se reflicte nos orzamentos, que se reflicte nos anexos que se entregaron á oposición, que non deixa de ser un proxecto, un borrador, tiña tanto no lado dos gastos como no dos ingresos, os gastos correntes. En ningún momento se reflectiron nin os gastos de capital, nin as subvencións de capital, capítulos 6 e 7, tanto de gastos como de ingresos. Xunto con eses documentos contables achegouse unha folla de cálculo cos investimentos previstos, que non eran os definitivos, eran previstos, e aí se vían tanto os investimentos previstos como as subvencións coas que conta o concello para o ano que vén. Esa folla de cálculo non se traslada aos documentos contables ata o final, ata que ese documento orzamentario se trae ao pleno.

Di que se fan números e envorcan a folla de cálculo nos documentos contables, verán que o orzamento está cadrado e que esa desviación de 1.300.000 euros non é real. O proxecto que se entregou estaba cadrado, agora tamén é ben certo que os documentos contables, os listados contables, non tiñan nin o capítulo 6 nin o 7, nin de gastos nin de ingresos.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta, entón, se os ingresos deste concello ao final van ser iguais, superiores ou inferiores aos do ano pasado.

A Sra. interventora contesta que van ser lixeiramente superiores en canto aos impostos, porque os padróns dos impostos van ser os mesmos e un pouco superiores por altas e incrementos porcentuais legais, nada máis. Por exemplo no IBI é a Lei de orzamentos a que actualiza os valores catastrais, pero os tipos impositivos do IBI non se variaron. Di que o que tamén é ben certo é que van diminuír en canto ás transferencias correntes, vai diminuír a participación nos tributos do Estado e a participación nos tributos da Comunidade autónoma, pola situación económica actual, e para iso se teñen buscado outras fontes de financiamento, para contrarrestar esas diminucións, a través da telefonía móbil, de caixeiros automáticos e do que se poida.

Conclúe dicindo que o que é a recadación por capítulo 1, que son os impostos directos, vaise manter, se ben di que ela non se lembra agora exactamente da porcentaxe de variación que estaba no proxecto de orzamentos, pero que, en todo caso, non se vai incrementar en gran medida porque non dá para máis. En canto ás taxas, evidentemente, depende en gran medida no número de usuarios das actividades.

O Sr. presidente manifesta que cre que o tema está suficientemente tratado, pero que se o Sr. Cubeiro quere volver falar, pode facelo.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que el se dirixe ao Sr. concelleiro de Facenda para dicirlle que neste mesmo salón de plenos, falouse de cousas como que o servizo

municipal de augas é deficitario, e el agora pregúntalle por esas cousas, polas medidas que ten pensado tomar para paliar a situación.

O Sr. presidente expón que o Sr. Cubeiro formulou unha pregunta concreta, referida á sangría económica e recadatoria deste concello, esa pregunta foille contestada amplamente polo Sr. concelleiro de Facenda, e foi ademais apostilada, el cre que dunha maneira perfectamente clara pola interventora municipal. Se o Sr. Cubeiro quere facer unha intervención aclarando algunha cuestión sobre a pregunta ou sobre as respostas, pode facelo, pero pídelle que non saque máis temas, porque vai ter a oportunidade de falar dos orzamentos cando chegue o momento dos orzamentos. Do que fala agora non era o que preguntaba. Pregúntalle se vai falar sobre algunha cousa que dixo ou sobre o que lle contestaron, porque non lle vai permitir cambiar o tema.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que non vai cambiar o tema, que simplemente vaise dirixir ao Sr. presidente para saber que pasa, se é que non se pode preguntar.

O Sr. presidente responde que si, pero que o Sr. Cubeiro xa formulou a súa pregunta e xa lle contestaron. A continuación concédelle a palabra ao voceiro de EU-IU.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que é de risa, que antes o Sr. Taibo dixo que era lamentable o espectáculo e, efectivamente, así é, e o PP non vai participar neste lamentable espectáculo, e que o Sr. Iglesias disfrute do seu cargo.

O Sr. presidente pídelle silencio.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 3731 o día 20 de marzo de 2010, xunto cos rogos.

1ª Xa foron varias as iniciativas presentadas polo noso grupo co fin de adquirir uns terreos na parroquia de Cela para a dotación de infraestruturas sociais e deportivas, non foron menos os compromisos adoptados pola corporación e o propio grupo de goberno no mesmo sentido.

A día de hoxe os veciños/as de Cela seguen agardando un compromiso firme con alternativas claras para a compra dos terreos propiedade da Fundación Tenreiro nas inmediacións da igrexa.

É polo que o noso grupo facendo súas as peticións realizadas polos veciños fai a seguinte pregunta:

Ten pensado o goberno dispoñer dunha partida orzamentaria no presente exercicio para

adquirir os terreos mencionados?

O Sr. presidente contesta que si o teñen pensado facer, que vai ir incluído un complemento da partida que xa existía no orzamento anterior para adquisición deses terreos, para así igualar a cantidade que piden os propietarios para obtención desas dúas parcelas. Depende da aprobación do orzamento pero a previsión é incluíla.

2ª A seguinte pregunta ten que ver con outra iniciativa realizada polo noso grupo no pleno do mes de novembro pasado, recordando a obriga para todos os membros da corporación de realizar e manter actualizadas as declaracións de bens e patrimonio. Obriga que nos consta, todos coñecemos.

Ante a necesidade da modificación do ROM para levar a cabo a publicación mencionada, o noso grupo fai a seguinte pregunta:

Para cando ten previsto o goberno realizar os trámites para modificar o ROM e facer público as declaracións dos bens patrimoniais dos membros da corporación local, e dar cumprimento ao solicitado?

O Sr. presidente contesta que non é só este tema, senón que hai algúns máis que hai que reformar no Regulamento orgánico municipal, como é por exemplo un que xurdiu moi recentemente, que é regular o papel dos concelleiros non adscritos, os seus dereitos e deberes. A previsión é abordar cos grupos municipais esta reforma, en canto se incorpore a secretaria municipal. Todos saben que a secretaria está nestes momentos de baixa e, dado que foi a persoa que elaborou o anterior regulamento, é a persoa que lxicamente debe de dirixir tecnicamente a reforma do novo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, explica que isto xa se tratou no mes de novembro e que o único que el pide é unha maior dilixencia nestas cuestións, xa que van catro meses, e pensa que xa pasou un tempo máis que prudencial para polo menos empezar a modificación do regulamento. Pide dilixencia ou vai terminar esta lexislatura sen dar cumprimento ao acordado.

O Sr. presidente responde que el cre que están todos de acordo nisto, e que o compromiso era abordalo aproximadamente a partir do mes de febreiro, cre lembrar que se falara diso, o que pasa é que a baixa da secretaria municipal paralizou o asunto, e o compromiso é que, nada máis que se incorpore, abordar xa cos grupos esa reforma.

3ª Dende hai tempo e de forma reiterada, veciños/as da parroquia de Cela veñen manifestando ao noso grupo a necesidade da modificación da liña de transporte interparroquial, co obxectivo de ampliar o servizo e de establecer unha parada no centro parroquial, é dicir no lugar da “Igrexa”.

Hai aproximadamente un ano EU-IU formulaba unha iniciativa, na idea de aumentar o transporte público dada a carencia existente no servizo, solicitando ao goberno do concello que realizara as xestións necesarias ante o Consorcio de Transportes de Galicia co fin de incluír no percorrido o mencionado lugar.

Que xestións ten realizado o goberno local ante o Consorcio de Transportes para corrixir a carencia no servizo?

Don José Francisco Parceró Rial contesta que esta semana puxéronse en contacto coa empresa Asicasa, para ver se era posible que o bus puidera ir á parroquia de Cela, e quere confirmarlle que a partir do próximo luns contarán con ese servizo, e tamén entre mañá e o luns se sinalizará alí na igrexa o servizo do bus metropolitano.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que para eles non deixa de ser sorprendente que presentaran esta pregunta o sábado no rexistro, motivada noutra iniciativa anteriormente presentada, e que onte aparecera nos medios de comunicación que se ía habilitar o servizo de transporte interparroquial no centro de Cela, cuestión que lles alegra moitísimo pero que, transcorrido o tempo que leva transcorrido, parece un paradoxo, que primeiro EU-IU presente unha iniciativa e que xustamente ao tres días apareza nos medios de comunicación.

Di que quere incidir neste tema, porque había un compromiso do Sr. alcalde que nun pleno lles dixo, e aí están as actas para velas, que lles informaría segundo foran as negociacións que el ía facer co Consorcio de Transportes, é máis, díxolles que a semana seguinte falaría con eles. Iso foi hai un ano, e nin falou con eles nin nada, senón que como sempre tivéronse que enterar polos medios de comunicación, como na maioría das cousas que ocorren no concello.

En todo caso, ao final o que a eles lles interesa, e aos veciños sen dúbida tamén, é que a parroquia de Cela vaia ter transporte, aínda que sempre sexa igual, en vez de informar aos grupos, como pensa que é preceptivo nestes casos, primeiro se manda á prensa, e ademais oportunamente, EU-IU entrega a pregunta o sábado en rexistro, e onte vén na prensa que van poñer o transporte en Cela.

O Sr. presidente manifesta que, en todo caso, todos se aledan das xestións que efectuou o Sr. Parceró e oxalá consiga amañar tamén o tema da Mota.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que si, evidentemente, pero que de todas maneiras gustaríalle saber cando iniciou o Sr. Parceró as súas xestións, porque se as iniciou el quere dicir que o Sr. alcalde durante un ano non fixo nada. Esa é a dúbida que ten, porque parece ser que as xestións as iniciou o Sr. Parceró, cando o alcalde xa se comprometera hai un ano aquí no pleno a inicialas nunha semana, e non fixo nada. O Sr. Parceró que leva aquí practicamente nada, fixo a xestión, dálle a súa en hora boa. O

alcalde suspendeu na xestión, dende logo.

Don José Francisco Parceró Rial manifesta que é certo, que el viu as preguntas presentadas para o pleno e considerou que este era un tema de urxencia, que era unha cousa que viña de atrás. Quere desculpar aquí ao Sr. alcalde, co cal el se puxo en contacto antes de facer nada, e foi quen lle dixo que efectivamente era un tema que estaba aí, que iniciara os trámites. El así o fixo e alégrase de que se teña desviado a liña á xente de Cela. Tamén sinala que está loitando, e segue loitando, porque A Mota teña os mesmos dereitos, e todos os veciños, porque para iso están aquí, e para iso lles votaron. Di que quere desculpar ao Sr. alcalde non porque sexa do seu grupo nin moito menos, senón porque falou con el sobre tema é foi el quen lle puxo ao día da situación.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que en vez de desculpalo é todo o contrario, é que non fixo xestión ningunha, a xestión parece ser que a fixo o Sr. Parceró. Pensa que non hai que desculpar en nada ao Sr. alcalde, todo o contrario, cada paso está enganando máis.

O Sr. presidente manifesta que, en todo caso, a última palabra sobre este punto debería ser a alegría porque por fin o servizo pase por Cela. Pensa que niso coinciden todos, e iso é o que hai que salientar sobre outras cousas.

Preguntas do GM (PG) presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 3820 o día 22 de marzo de 2010.

1ª A parroquia de Pravio ten grandes problemas de seguridade viaria, dos cales todos somos coñecedores. Mesmo o goberno municipal se comprometeu a dar solucións a este tema reiteradas veces (como sempre, moitas promesas, pero nula eficacia).

Esta situación é moi preocupante, tanto para os veciños desta zona, como para os seus representantes. Con base nesa situación, fórmulase a seguinte pregunta:

Que xestións ten realizado o goberno municipal nos últimos tres anos para a instalación dos tres pasos de peóns que demanda a asociación de veciños de Pravio, e cando se van instalar?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que ten moita relación co punto que antes trataron sobre as beirarrúas, porque están falando dunha solicitude na mesma estrada, de temas de seguridade viaria que afectan á mesma estrada. Este foi un dos asuntos que abordaron cos responsables da Xunta na visista que cursaron, e ademais diso teñen recollidas unha serie de solicitudes, fundamentalmente da asociación de veciños, algunhas delas contradictorias unhas con outras, porque nun documento solicítase nun sitio e noutros hai unha variación, pero iso non é o caso. O importante é que, efectivamente, hai uns déficits de seguridade para poder atravesar esa estrada alí.

A xente da Xunta o que lles dixo, e o que lles facilitou foron os requirimentos técnicos que eles esixen para facelo, e tamén lles advertiron que esas actuacións teñen que ser municipais, que eles non as van facer, que serían con cargo ás arcas municipais logo da súa autorización preceptiva.

Di que o que hai é que sentarse a falar, porque ademais de ter a titularidade dos terreos necesaria, marcan unha serie de requisitos que son complexos. Eles autorizarían sempre e cando sexan en terreo urbano, dentro dos núcleos, sempre que a visibilidade sexa superior á distancia de parada dos vehículos, que a velocidade establecida non supere os 50 Km/h, e deben contar con beirarrúas en ambas marxes, e restrinxir o aparcamento no lateral de cada calzada, nos puntos de chegada aos pasos de peóns.

Todo isto orixina unha serie de complicacións, tanto económicas como de dispoñibilidade de terreos, ou como das propias autorizacións administrativas que lles teñen que dar, pero tamén outra, que é que mesmo nos sitios nos que hai algún tramo de beirarrúa, que sería máis fácil, a decisión de poñelo alí, para o caso de que lles autoricen, vai levar consigo a eliminación de prazas de aparcamento. En tramos de 10 metros a ambos lados dos pasos de peóns, habería que anular o aparcamento.

Pensa que agora é unha cuestión a falar tanto coa xente da asociación de veciños, como cos grupos municipais, para definir exactamente os lugares onde se quere facer. Di que eles están dispostos a ir para adiante con este tema.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que con respecto ao lugar de colocación, efectivamente debe reunir unhas certas garantías de seguridade. Non cre que sexa moi problemático o das prazas de aparcamento, porque máis problemático é aquí en Cambre e están os pasos de peóns na mesma estrada que vai por Pravio, e están postos sen ningún problema, e que loxicamente os coches nos pasos de peóns non aparcan, pero bastante próximo, si. Di que claro que ten que ter un radio de visibilidade, pero el cre que en Pravio iso non debería supoñer moito problema para podelos instalar. Se o único que pasa é que hai que pedir a licenza, dille que se poña de acordo coa asociación de veciños que el pensa que non vai ter ningún problema, e agarda que a Xunta lles dea permiso rápido, que iso non sexa tan problemático, porque polo custo duns pasos de peóns non teñen ningunha necesidade de facer ningunha xestión con ningún terreo, nin ningunha historia, xa que do que se trata é de cruzar dunha beirarrúa a outra.

Conclúe dicindo que o que hai que ter é ganas de facelo, e coa Xunta que fagan como el fai con eles, que para que lle contesten ás preguntas ten que facelas tres meses seguidos nos plenos. Que o goberno local faga o mesmo, que lle vaian reclamando á Xunta cada mes, cada quince días, ata que dean o permiso, e poidan darlle a seguridade que necesitan os veciños porque todos saben que xa houbo algunha morte por atropelos. Di

que non significa que se poñen o paso de peóns non vaia a habelos, hoxe mesmo houbo un nun paso de peóns de Cambre, pero a seguridade algo vai influír en beneficio dos veciños.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que este é un tema que multitude de veces veu a este pleno. Cre lembrar que o seu grupo trouxo o tema dos pasos de peóns cinco veces, a última vez dixo que a seguridade viaria é unha asignatura pendente neste concello, e non vai dicir que se careza de seguridade viaria, pero hai moitísimas deficiencias, e así se está comprobando día a día, eles, a corporación e todos os veciños, e desgrazadamente hoxe houbo outro accidente no mesmo centro de Cambre.

Pero di isto porque a pesar de que EU-IU teña presentado distintas iniciativas polo tema dos pasos de peóns, por exemplo en Cruceiro, Fabás, inmediacións do insitituto de Sigrás, en Freande onde os veciños presentaron un escrito que o concello non se dignou a contestar, en moitísimos sitios, a pesar de todo iso, o goberno local respóndelle que respecto das peticións nese sentido fundamentalmente van atender ás da asociación de veciños. Pregunta se as dos grupos non teñen o mesmo valor, as asociacións piden o mesmo que piden eles, pero pregunta se teñen máis valor as peticións das asociacións, porque el ten as actas de todos os plenos en que EU-IU reiteradamente pediu distintos pasos de peóns, ademais de denunciar outras deficiencias que había en seguridade viaria, como a ponte da Ría do Burgo, o paso de peóns nas inmediacións da autoestrada, etc.

Reitera que teñen unha asignatura pendente en seguridade viaria, e pide por favor que lles contesten aos veciños de Freande que pediron un paso de peóns, e respecto do cal o Sr. Iglesias dixo no último pleno que para facelo habería que eliminar unhas prazas de aparcamento. El pregunta ao Sr. Iglesias que é mellor e que peor, eliminar unhas prazas de aparcamento ou a seguridade dos peóns. Pensa que nesas cousas hai que establecer unhas preferencias, e cre que o máis importante é a seguridade dos peóns.

O Sr. presidente contesta que se o Sr. Taibo lle dá tanta importancia a este tema non entende como non centrou as súas iniciativas neste pleno, neses temas precisamente. En calquera caso di que todos están de acordo nese discurso, están todos de acordo e todos reclaman pasos de peóns por todas partes, no instituto de Sigrás onde por certo el ten aos fillos estudando, así que dende logo que lle preocupa o tema, e en moitos sitios máis. Pero di que unha cousa é que parece evidente que hai que poñer pasos de peóns, e outra cousa é que tecnicamente as condicións dos sitios den para facelos.

Agarda que cando se tomen decisións, porque habería que tomalas, por exemplo en Freande, cando se eliminen unha serie de prazas de aparcamento e os veciños afectados por iso veñan aquí a protestar, todos os que están de acordo con ese discurso, estean do mesmo lado defendendo tamén as cuestións da seguridade viaria por riba dos intereses

dos automobilistas para aparcar.

Continúa dicindo que a este pleno o que viñeron a tratar era unha pregunta do Sr. Marante, que lle pasou como encargo unha asociación, o que lle parece absolutamente respectable e normal, como ten que ser, e ían falar dese tema, e iso é do que están falando, e por iso fixo referencia ás solicitudes da asociación de veciños, porque é nos lugares onde os tiñan proposto. Efectivamente hai algúns sitios onde se pode entender que hai beirarrúas dos dous lados, hai outros que non, e hai outros nos que pode haber unha beirarrúa dun lado, pero onde aínda hai que conseguir a titularidade ou a cesión do uso do terreo, do outro.

Agarda que todos, el está seguro de que a asociación de veciños o vai facer, pero tamén todos os grupos, cando se poñan xa definitivamente coa autorización preceptiva da Xunta e co diñeiro no orzamento para poder acometelo, para conseguir os terreos, lles boten unha man.

Ante a intención do Sr. presidente de dar paso á seguinte pregunta presentada polo GM (PG), don Luis Miguel Taibo Casás insiste en que lle parece que o tema merece intervir outro par de minutos, porque a seguridade é importante, e sinala que só quere facer unha apreciación. Di que a pesar de que a Xunta esixe beirarrúas nos dous lados, si que se fixo un paso de peóns na estrada autonómica e só hai beirarrúa dun lado.

O Sr. presidente expón que o Sr. Taibo ten todo o dereito a tratar este tema, e que tamén el cre que é importante, pero pídelo que por favor o faga cando lle toca, que agora están na quenda do Sr. Marante e é el o que ten que continuar coa pregunta número dous.

2ª Que tal vai a instalación dos caudalímetros do saneamento, nas parroquias de Sigrás e Anceis?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, non vai dicir que máis que o Sr. Marante, pero que polo menos tan preocupado por este tema como o concelleiro do PG, tamén o está el.

Di que un deles, o que comparte o cadro eléctrico co bombeo, que é o último, o que está máis preto do Concello de Culleredo, ese está xa a funcionar. Os outros tres están pendentes da tramitación con Fenosa que xa teñen comentado nalgunha ocasión. O pasado 15 de marzo enviouse a Unión Fenosa un requirimento, porque os dereitos xa están pagados, para que faga a obra que ten que facer e lles dea o número de identificación da subministración para poder ir logo á comercializadora e contratar a subministración. Como di o escrito é de 15 de marzo e ten data de saída do concello do día 18. Están pagados os dereitos e están pendentes de que a empresa faga a obra. Di que eses dereitos non os pagou o concello, senón que os pagou a empresa que fixo a instalación, xa que o concello non o podería ter feito por adiantado. Están pendentes do

número de identificación para poder contratar coa comercializadora.

A continuación, don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, solicita que o Sr. presidente, ou a secretaria municipal, lle informe se está contemplado na normativa, no regulamento, que un concelleiro poida intervir en calquera iniciativa que presente outro grupo. Cre que é así, pensa que todos teñen o dereito de poder intervir en calquera iniciativa, rogo ou pregunta que presente outro grupo. Gustaríalle que se aclarase este tema.

O Sr. presidente manifesta que agradece a pregunta, porque vai na liña da colaboración que pediu ao principio, pensa que vai ser unha sesión moi interesante, na que todos van aprender formas. Agarda que no futuro as apliquen.

A secretaria accidental da corporación dá lectura a un extracto do artigo 111.1 do Regulamento orgánico municipal segundo o cal: *“De se promover debate, as intervencións serán ordenadas polo señor alcalde ou presidente, consonte as seguintes regras: a) Só se fai uso da palabra logo da autorización do Alcalde ou Presidente. (...)”*

A continuación dá lectura ao artigo 111.2 ROM, segundo o cal: *“Os membros da Corporación poderán en calquera momento do debate pedir a palabra para formular unha cuestión de orde, invocando para o efecto a norma da que reclama a súa aplicación. O presidente resolverá o que sexa procedente sen que por este motivo se principie debate ningún.”*

Don Luis Miguel Taibo Casás agradece a explicación e manifesta que queda aclarada, entón, a responsabilidade do Sr. alcalde ou presidente.

Preguntas da concelleira non adscrita presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 3818 o día 22 de marzo de 2010.

1ª Mediante que procedemento se teñen contratado os seguros municipais e en que medios de comunicación se publicou.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que o contrato de servizos de mediación de seguros privados do Concello de Cambre publicouse no BOP o 11 de febreiro de 2010, e no Ideal Gallego o 15 de febreiro do mesmo ano. Dende esa mesma data están dispoñibles os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas. Neste momento figura no perfil do contratante, no apartado de licitacións pechadas-outros contratos. O expediente está actualmente en fase de valoración e foron seis licitadores os que presentaron propostas.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta cales son eses licitadores.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que neste momento non, pero pensa que, seguramente, poidan estar na páxina web.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín explica que precisamente foi porque lle faltaban algunhas licitacións na páxina web polo que antes fixo un rogo.

Dona Erundina Prado Arcay dille que en caso de que non estea na páxina, mañá lle dará os datos.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta por que se publicou unicamente no Ideal Gallego e non noutros medios con máis tirada.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que nunca se publica en todos os medios, que se elixe para cada contrato, unhas veces van no Ideal, non sabe se algunha vez en La Opinión, outras si van en La Voz de Galicia. Non sabe exactamente como é, se é por unha cuestión económica ou por que, pero a difusión está feita.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín expón que lle parece que o tema dos seguros é un tema o suficientemente importante como para publicalo só nun diario.

Dona Erundina Prado Arcay explica que tamén se publicou no BOP e na páxina web do concello, no perfil do contratante, e dende o momento en que se presentaron seis licitadores quere dicir que a información chegou onde tiña que chegar.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín sinala que como non está na mesa de contratación non ten acceso a todo este procedemento, e di que agradecería que se lle facilitase toda esa información.

Dona Erundina Prado Arcay responde que toda esta información está a disposición de quen a solicite no departamento de Contratación.

2^a Nunha moción presentada polo grupo municipal EU-IU, e aprobada por unanimidade, na cal solicitaba a instalación de aparellos biosaudables, aprobada esta moción, e cos aparellos comprados no ano 2009, cal é o motivo de que non estean instalados? E a petición da AAVV de Pravio pregunto: En que data ten pensado o equipo de goberno instalalos nesa parroquia, e cal é o motivo do atraso?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que xa o Sr. Parcero falou deste tema antes, e a maiores el quere dicirlle que os aparellos biosaudables que están comprados e

facturados, están instalados, en concreto fronte ao instituto Alfonso X, na Barcala, e entre o colexio Porto Faro e a praza da Ría, nun espazo pequeno que hai alí.

Di que hai, efectivamente, uns aparellos acopiados nos almacéns municipais, pero a pesar de que tanto pola Intervención municipal, como por parte dos servizos técnicos que el dirixe, se buscou a información, o certo é que non atopan o encargo dese material, nin facturas por ese material, nin nada. É probable que estean extraviadas por algún sitio, e que as atoparán.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín manifesta que o estarán, porque hai orzamentos, e documentación.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que se ben é certo que dos outros estaban os orzamentos pedidos e aceptados, e tamén facturados, destes outros non hai constancia documental en ningún sitio.

En calquera caso, e respecto da segunda parte da pregunta, o que tampouco consta en ningún sitio, polo menos ao que el tivera acceso, foi ese compromiso de instalalos nun lugar en concreto. Non consta en ningún sitio. É certo que el ten recibido parte das persoas implicadas e verbalmente parece ser que podería haber un compromiso, pero el ten que dicir que os compromisos verbais, os que se poden, os compromisos escritos están cumprindo ao 100%, os que teñen escritos, contratos, etc.

Di que este é un tema que a partir de agora vai levar o Sr. Parcero, como concelleiro encargado de parques e xardíns, e por iso el xa explicou antes que o que se vai facer é unha avaliación para ver que sitios son os máis adecuados, dende o punto de vista técnico, e se marcarán as prioridades nese momento. Esa é a razón de que non estean instalados.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín manifesta que ela lle pode informar ao Sr. Iglesias que as invitacións foron mandadas, os orzamentos recibidos, e solicita que se mire en Intervención onde están esas facturas, porque se contrataron igual que se contrataron o resto dos aparellos que están instalados, e os aparellos de feito están no local da brigada de obras.

3^a Cantas prazas estarán libres no próximo curso, nos centros escolares de Cambre?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que lle pasa o informe onde constan as prazas vacantes que saen para poder acceder a elas. Pode dicirlle que as máis importantes, quizais, é que entre colexios e unitarias de Cambre en total saen de tres anos, 241 prazas vacantes. Pensa que estes datos non son os máis decisivos, e que o momento será cando teñan todas as solicitudes.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta se dado que o prazo xa se abriu, se teñen xa algún dato.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que de momento non se sabe, que el o que lle pode dicir é que no seu colexio aínda hai prazas vacantes.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta se coa ampliación do colexio do Graxal se prevé que haxa algún problema.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que segundo informacións que lle chegaron parece ser que xa acadaron ás 50, e que incluso pasan das 50, pero se iso é así, e se manteñen o resto das previsións, poderanse asumir no Porto Faro, pero non o sabe, xa que o prazo aínda non rematou.

O Sr presidente agradece a todos a paciencia e pide de novo a comprensión co, seguramente mal facer, que nalgún momento puido ter ao presidir este pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Henrique Xabier Iglesias Oviedo

Verónica María Otero López